

anda!na

67

revista galega de pensamento feminista
2016 prezo: 10 euros



- 3 Editorial**
- 4 Denuncias e comentarios**
- 8 Lembrando a Montse Oliván
no seu cabodano**
N.S.
- 10 Xornadas «Dereito e xénero»**
Asamblea Nacional
das Estudiantes Galegas (ANEGA)
- 12 Urxencias e necesidades: tomar o ERE
en Extel e dignificarmos as teleoperadoras**
Noa Presas
- 16 De angueiras feministas**
Nanina Santos Castroviejo
- [ENTREVISTAS] **22 Chantal Akerman**
Renata Otero
- 28 Princesas Disney**
Ana Luisa Bouza
- 32 Elena Ferreiro Otero**
Carmen Blanco Ramos
- 34 Svetlana Alexiévich,
Premio Nobel de Literatura 2015**
Patricia Arias Chachero
- [LEMBRANZAS] **38 Maruja, nin solteira nin casada nin viúva**
Anna Amorós Pons
- [LIBROS] **40 Mujeres cruzando el Atlántico:
Relatos biográficos de migrantes brasileñas
en los mercados del sexo**
Laura Gómez Lorenzo

Revista Galega de Pensamento Feminista

Ano 2016

Apdo. 1058 Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org

andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández

Ana Arellano

Patricia Arias Chachero

Ana Luisa Bouza Santiago

Zélia García

Laura Gómez Lorenzo

M.ª Teresa Gómez Louzao

Pilar Pérez Rey

Saleta de Salvador

Nanina Santos

Iria Vázquez

Estrela Villaverde

Colaboran neste número

N.S.

ANEGA

Noa Presas

Nanina Santos Castroviejo

Renata Otero

Ana Luisa Bouza

Carmen Blanco Ramos

Patricia Arias Chachero

Anna Amorós Pons

Laura Gómez Lorenzo

Foto portada de Zélia García

Deseño gráfico: uqui.net

Imprime: Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

Violencia machista: Non abonda coas concentracións de repulsa!

A catro días de comezar o ano, Mariana Carmen Radú, de 43 anos, era estrangulada pola súa parella en Madrid. Ela, a primeira vítima da violencia machista 2016. O 2 de novembro, en Burgos, Iñaki González, ex-marido de Yolanda Pascual, asasinábaa no garaxe da súa casa. Ela, xornalista de 50 anos e nai dunha moza de 17 que quería restrinxir as visitas do seu pai. Ela, a última vítima no momento de escribir isto.

Entre 37 e 42, segundo os cómputos, é unha cifra terrible. Mulleres asasinadas porque as súas parellas (maridos, noivos, compañeiros sentimentais) ou ex-parellas non soportan calquera cousa delas ou a elas mesmas e considéranse donos das súas vidas e capaces de tomar a decisión de sacalas do medio: *mateina porque era miña*.

Entre elas, dúas vítimas galegas, Ana Gómez Nieto, de 40 anos, en Becerreá, onde José Manuel Carballo, de 29 anos, descerraxoulle un tiro diante da nai de Ana e das dúas fillas o 11 de febreiro, e Tatiana Vázquez Abuín, de 24 anos, cosida a puñaladas no interior do seu coche encontrado nas aforas de Lugo en abril. Este caso segue baixo segredo de sumario e é dos que non están no cómputo oficial de vítimas de violencia de xénero.

Non nos chamemos a engano, teremos que convivir con este drama por moito tempo, porque o machismo continúa mamándose co leite materno que a seguir se vivifica cos xoguetes e xogos que se agasallan a uns e outras, coas expectativas que a familia pon nelas e neles, coas prerrogativas que a sociedade no seu conxunto segue outorgando aos varóns desde todas ou case todas as

instancias e dos que convén sinalar as industrias culturais maioritarias e que aínda se combaten pouco no interior das familias, na escola, nos centros escolares de calquera nivel, nos medios de comunicación, por máis que logo tanta parte da socie-

EDITORIAL

dade se rompa as vestiduras ao saber dos milleiros de denuncias por maltrato, das ordes de alonxamento concedidas nos xulgados (non sempre isto é garantía de protección bastante) e das mulleres asasinadas.

Poñemos o grito no ceo, facemos concentracións de repulsa, manifestámonos, porén son cativas as esixencias aos poderes públicos para traballar en todas as fronteiras contra a desigualdade e o machismo.

Os xulgados de Violencia de Xénero están en boa parte dos casos ategados e con poucos medios.

Os medios de comunicación de titularidade pública aínda en ocasións producen irritación desde o punto de vista da igualdade e da defensa do feminismo. Si, feminismo, esa doutrina que considera xusta a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e que parece que a tantos lles escalda a palabra e o que significa.

A lei Integral contra a Violencia de Xénero ía investir nos centros educa-

tivos orzamentos para facer traballo explícito a prol da igualdade e contra a violencia de xénero e isto segue sen facerse. É máis, o ensino público está cada vez máis degradado pola desidia das autoridades e o investimento nel é unha vergoña xeral.

A dereita —centrada ou sen centrar— xunto coa xerarquía da Igrexa católica desvirtuaron a Educación para a cidadanía e os dereitos humanos, materia que se puxera en marcha na lexislatura de Zapatero no 2006 e que trataba a igualdade entre homes e mulleres, a liberdade, o coñecemento dos dereitos humanos e o traballo para o seu exercicio. Materia que xa despois de desvirtuada desapareceu no 2013 coa LOMCE de Wert-Rajoy-PP.

As leis non cambian a realidade, pero poden axudar a avanzar e outorgar espazos de protección e seguridade contra os delitos. Tamén poden contribuir poderosamente a cambiar as consciencias e axudar a reflexionar sobre prácticas machistas.

Moitos comportamentos que se consideran *normais* deberían ser, sen embargo, reprobados e traballados nas familias, nas escolas, nos medios de comunicación públicos e, por su posto, os investimentos das administracións aos diferentes niveis terían que atender máis e mellor esta cuestión.

Son 42 vítimas, a sumar ás 64 de 2015, ás 59 de 2014, 57 no 2013 e tamén no 2012, 67 no 2011 e 85 no 2010.

Mentres, un aviso tamén ás mulleres e ás persoas que as queren vivas e íntegras: fíate da túa intuición e do teu olfacto. Atende, e moito, aos celos e aos desexos de control e deixa de crer que ti vas ser capaz de cambiar o teu mozo. ■

denuncias e comentarios



Mulleres inmigrantes, mulleres vulnerables?

Recollemos unha interesante idea de «Mujeres inmigrantes, ¿mujeres vulnerables?», a intervención que María Luisa Maqueda, profesora de Dereito penal da Universidade de Granada, presentou no «Congreso Internacional e Interdisciplinar Women's Worlds 2008», celebrado en Madrid:


«Nos novos —Estados de desorde— que provocou a globalización do capital, reproducense os vellos mitos das migracións femininas: mulleres vulnerables traficadas por poderosas mafias internacionais que as enganan e explotan. Un recurso que se evidenciou moi eficiente á hora de alentar políticas públicas represivas e de control dos movementos migratorios en xeral, e dos protagonizados por traballadoras e traballadores do sexo, en particular.

Trátase dunha estratexia interesada que oculta prexuízos étnicos e de clase e, desde logo, de xénero, fronte á temida autonomía das mulleres, sinaladamente a súa autonomía sexual. Baixo ela, siléncianse as raíces económicas, legais, sociais e políticas dunha inmigración lexítima, que buscan ser ignoradas a toda costa. As verdadeiras perdedoras son as mulleres, na medida en que quedan a disposición de pánicos populares —como “escravas sexuais”—, da falta de recoñecemento da súa capacidade de axencia, e da realidade dos seus proxectos emancipadores». ■

O xoves 3 de novembro presentouse na librería Lila de Lilita de Compostela o último número da revista *Grial*, que inclúe un coidado informe titulado «Feminismo (os)» que coordina a escritora Marilar Aleixandre.

O dossier inclúe os seguintes textos: «As voces das mulleres» de Marilar Aleixandre, «As identidades no xogo dos espellos mediáticos» de Iolanda Martínez Suárez e Saleta de Salvador Agra, «Empoderamento económico das mulleres e xustiza de xénero» de Carmen Castro García, «Linguaxe non sexista... nin feminista. Debates sobre xénero e lingua na era do feminismo transnacional» de Olga Castro, «Galegas e feministas. Os camiños do feminismo en Galiza» de Encarna Otero Cepeda e «Recursos documentais sobre/de feminismos organizados con actividade en Galicia, 1967-2016» de Mariam Mariño Costales.

Non é esta a primeira vez que a senlleira publicación dedica un número ao feminismo, fíxoo tamén co número 176 («Xénero, sexo e sexualidade») coordinado daquela por María Xosé Agra e Dolores Vilavedra. ■





Mary Beard, Premio Príncipe de Asturias 2016

Investigadora do mundo clásico, profesora en Cambridge e colaboradora en *The Times Literary Supplement*, con participación no programa de televisión *Meet the Romans*. O crítico televisivo A. Gill dixo, sen pudor, que o seu aspecto físico non estaba ao nivel da pequena pantalla. Beard non calou e contraatacou cunha columna no *Daily Mail* na que dicía: «Demasiado fea para a televisión? Non, demasiado intelixente para homes que temen ás mulleres con cerebro. Como o señor Gill non foi á universidade, nunca aprendeu o rigor da argumentación intelectual, simplemente cre que pode facer pasar os insultos como enxeño».

Chegáronlle outros centos de burlas á sombra do anonimato que proporcionan as redes sociais. *Tweets* de usuarios que acostuman ver *Meet the Romans* burláronse de Beard con comentarios do tipo: «Put a fedorenta. Seguro que a túa vaxina dá noxo».

No canto de quedar calada e ignorar as ofensas, a investigadora localizou ao estudante de 20 anos que lle faltara ao respecto en Twitter. Deu con el e afrontouno, intercambiando ideas con el e a súa nai. O mozo rematou amosándose arrepentido de verdade polas súas ofensas. Tamén atopou a outro home que nunha páxina *online*,

puxera unha vaxina sobre a súa cara. Despois de escoitala, tamén se mostrou arrepentido.

Beard aseguroulles a estes e outros homes que a ofenderon na web que as palabras doen, feren e agravian ás mulleres máis do que eles poden imaxinar. Fea, gorda, vella, puta, fedorenta, desagradable, mal vestida, mal collida, machorra... Doen, verdade? Podería escribirse un ensaio sobre as mil maneiras de ofender unha muller.

Mary Beard afrontou a dureza destes insultos e rematou relacionándoos cunha tradición da antigüidade: non se trata do que unha muller diga, senón do que fale. Por iso decidiu investigar desde cando comezaron os insultos contra as mulleres.

Hai un ano presentou a súa palestra «Veña, cala, querida», no British Museum. Na conferencia fixo un percorrido a través da historia apuntando como os homes, ao longo dos séculos, trataron de calar ás mulleres. Desde *A Odissea*, ata pleno século XXI, coa súa propia experiencia. «Nai, dixo Telémaco, volve ao teu cuarto, aos teus labores co tear e o fuso. O discurso será un asunto de homes». ■

Din as linguas interesadas que as mulleres latrican e os homes reflexionan

A socióloga israelí Orna Donath publicou o libro *Nais arrependidas*, que está dando moito que falar.

A maternidade é cousa que se vén asociando co ser muller. Pódense lembrar as necias palabras de Gallardón tirando de argumentos pobres para defender o seu proxecto contra o aborto.

Nos últimos tempos comeza a abrirse a fenda que acepta socialmente que se é muller sendo nai ou sen ser nai, que a maternidade non é condición indispensable do ser muller, aínda que ser nai require ser muller. Que unha muller non nai non ten ningunha carencia ou pode ter as mesmas que unha nai.

Orna Donat atreveuse a entrar na boca do lobo. No tabú. Logo de entrevistar en fondura a 23 mulleres israelís ao longo de cinco anos, di que arrepentirse de ser nai é máis común do que se cre, e desde logo do que se di no foro. Comezou investigando nun traballo de fin de carreira sobre homes e mulleres que non querían ser pais e nais. Cando rematou, di que había unha frase que non se lle ía da cabeza «Se non es nai, a longo prazo, haste arrepentir» e resultáballe raro que se falase disto e non se falase do arrepentimento de ser nai.

O libro paga a pena ser lido e debater sobre el. Importa que as mulleres deixen de recibir presións e poidan tomar esa decisión máis libremente do que hoxe fan, só porque se inoculou no fluído sanguíneo da sociedade, e das mulleres en particular, que ser nai é o *summum* na vida dunha muller, que forma parte da súa realización vital e se non o é, ten unha carencia.

Demasiadas cousas empurran ás mulleres nesa dirección e como di a autora: «Creo que en 2016 xa é hora de deixar que as mulleres decidan por si mesmas». ■



¿Olvidar a Clitemnestra?
Sobre justicia e igualdad

María Xosé Agra Romero

USC editora

¿Olvidar a Clitemnestra?: Sobre justicia e igualdad

María Xosé Agra Romero vén de publicar libro. Tras a interrogación esquecer a Clitemnestra?, desenvólvense reflexións en torno á vinganza e á xustiza, explorando as dimensións da xustiza, as conexións entre xustiza e democracia, a articulación de cooperación pacífica e igualdade democrática, tomando como fío condutor á xustiza e a súa relación coa igualdade, coa idea do igual valor humano, co trato igual e co ser tratados como iguais. ■



Compresas e tampóns son instrumentos patriarcais din algúns sectores do feminismo. Son instrumentos patriarcais? ■

denuncias e comentarios

O siso débil da Real Academia Española

Non é ningún segredo que a Real Academia Española é unha entidade obsoleta e indecentemente machista. O tema é tan sangrante que até na entrada da Wikipedia correspondente á institución, hai un apartado titulado «A presenza da muller na RAE», no que se dá conta da obscena discriminación á que nos veñen sometendo.

Das 46 butacas destinadas aos académicos de número, tan só sete están na actualidade ocupadas por mulleres. Son tan poucas que non pensamos reprimir o impulso de nomealas a todas. No 2002 ingresou Carmen Iglesias, no 2003, Margarita Salas, en 2010, Soledad Puértolas e ao ano seguinte, Inés Fernández-Ordóñez. No 2013, Carme Riera, no 2014, Aurora Egido e no 2016, Clara Janés. A elas hai que sumar a Paz Battaner, electa no 2015, que inda non tomou posesión.


A cousa complicase se temos en conta que ás vivas tan só hai que engadir tres falecidas. A primeira que logrou ser admitida, aló polo ano 1978, foi Carme Conde, tras ela, Elena Quiroga, que ingresou no 1983, e Ana M.^a Matute, que o fixo cinco anos despois. E conste que Emilia Pardo Bazán pediu até en tres ocasións ser admitida e que nas tres lle denegaron o ingreso. Na última, esgrimiron que «as señoras non poden formar parte deste instituto».

Algo despois, en 1928 e 1930, rexeitaron por dúas veces a Concha Espina e en 1972 acordaron aceptar a candidatura de María Moliner, autora do mellor dicionario da lingua española, pero tan só para darlle a vacante a Emilio Alarcos Llorach, candidato con bastantes menos méritos. En conclusión, tras case trescentos anos de vida a entidade ten admitido dez académicas... E polo que parece non teñen previsto reflexionar nin un pouco sobre o tema.

Este inverno circulou polas redes sociais un pantallazo da definición do substantivo *sexo* que na actualidade dá o dicionario da RAE. Entre as acepcións do termo pódese ler que «sexo débil» é o referido ao «conxunto das mulleres» fronte ao «sexo forte» do «conxunto dos homes». E aí os tendes, trescentos anos emperrenchados en asociar o feminino ao débil e o masculino ao forte.

A cousa xa vén de atrás... No 2014 anunciaron a *bombo e platillo* que eliminarían acepcións sexistas da 23ª edición do seu dicionario e alá se cargaron lindezas como que *orfo* é «unha persoa de menor idade: a quen lle morren o pai e a nai ou un dos dous, especialmente o pai» ou que *babosear* é «obsequiar a unha muller en exceso» ou que *gozar* é «coñecer carnalmente a unha muller»

ou... que unha *madre* era unha «femia que pariu. Nai de familia: muller casada ou viúva, cabeza da súa casa». Con razón Jorge Luis Borges burlábase do DRAE afirmando que cada nova edición facía botar de menos a anterior. E non é só cousa de butacas e dicionarios. Lembren vostedes as declaracións do académico Félix de Azúa, que en abril deste mesmo ano afirmaba: «Unha cidade civilizada e europea como Barcelona ten como alcaldesa a Colau, unha cousa de risa. Unha muller que debería estar servindo nun posto de peixe. Non ten nin idea de como se leva unha cidade nin lle importa». De verdade ese señor merece ocupar un cadeirón en tan *ilustre* institución? ■



Lembrando a Montse Oliván no seu cabodano

N. S.

Hai un ano, o 21 de novembro de 2015, morreu Montserrat Oliván, Montse. Busquei os números de *Andaina* con colaboracións súas para dar unha nota á revista coa triste nova do seu pasamento. Non din encontrado o ton para escribir dunha amiga coa que traballei desde o ano 1977 e da que creo que moito feminismo recibimos un alento e unha herdanza valiosa.

Estaba chea de lucidez e en feminismo sempre estivo na avanzadilla sen acomodacións no pensamento nin na práctica. Seguía os avances teóricos dos pensadores máis mozos e as súas reflexións, ademais de participar na acción feminista desde as Primeres Jornadas Catalanes de la Dona en Barcelona en 1976.

Defensora da liberdade sexual e en particular da sexualidade como pracer, malia os riscos que non ignoraba, nunha sociedade en que as mulleres puidesen expresar libremente os seus desexos, rexeitando calquera prohibición ou censura nas manifestacións da sexualidade sempre que fose libremente consentida. Animou o Colectivo de Feministas Lesbianas de Madrid e a súa interesante publicación *NOSOTRAS que nos queremos tanto*, cuxo primeiro número vía a luz cun artigo de Montse, e batallou para que o feminismo máis activo defendera o lesbianismo como unha opción sexual de igual categoría que as outras opcións.

A identidade de xénero ocupouna intelctualmente desde moi atrás e nela

seguíu traballando, así como nos últimos anos coa transexualidade vinculada a cuestións teóricas e á defensa dos dereitos das persoas trans.

O seu feminismo ía á raíz, nada de superficialidades. Incluínle e sempre aberto ao novo.

Queda lonxe xa, pero é significativo do espírito de aventura intelectual e política de Montse a súa contribución á Estrutura de Mulleres do Movemento Comunista (MC), un xeito de organización exclusivamente de mulleres paralela á mixta, ben orixinal e singular.

Foi a mediados da década dos setenta, de volta dunha viaxe a Italia. Chegou moi preocupada polo que ocorrera en dúas organizacións políticas amigas do MC: a rebelión das militantes ante as manifestacións



de machismo que se daban no seu interior, así como a desconsideración cara a opresión das mulleres na sociedade. Todo iso fracturou e rompeu a unidade en ambas organizacións.

Púxose mans á obra e convenceu ás mulleres dirixentes de que había que dar a palabra a todas as militantes. Tiñamos que coñecer as manifestacións internas de machismo das que non tiñamos sido conscientes colectivamente. E, ao mesmo tempo, dedicar todos os nosos esforzos para coñecer a situación específica das mulleres na sociedade e ler todos os textos de teoría feminista que, até entón, descoñeciamos. Para todo iso a vitalidade, a paixón e o entusiasmo de Montse resultaron definitivos.

Foron uns anos nos que nos propu-xemos a necesidade de dotarnos no mc de espazos propios para levar a cabo os obxectivos antes sinalados. Así naceu a Estrutura de Mulleres, orixinal e singular

forma de organización, paralela á mixta (na que obviamente tamén militabamos) que foi fundamental para lograr o que caracterizou sempre o feminismo de Montse: un feminismo inclusivo, preocupado sempre por non deixar fora todo o susceptible de ser incluído. Co traballo de todas nosoutras logramos que no mc xurdira unha unidade nova, sen que ningún se sentise excluído e na que todos nos sentiamos a gusto. Foi un logro importantísimo no que Montse tivo moito que ver.¹

Na nosa *Andaina* temos dous artigos de Montse Oliván e unha entrevista.

¹ GARAIZABAL, C., e E. PINEDA: «Montse Oliván: Su legado de pensamiento y acción feminista», *Página Abierta*, núm. 241 (deseembro, 2015).

A comezos de 1987 Montse veu a Compostela convidada polo Grupo de Mulleres de Económicas a presentar o libro *Polémicas feministas* editado a finais de 1985, do que era coautora con Empar Pineda e Paloma Uría. Aproveitando a súa estancia, Tareixa Navaza conver-sou con ela sobre o libro e publicámolo en *Andaina*, núm. 11 (febreiro-marzo de 1987), páx. 16. Relendo agora «Polémicas feministas con Montserrat Oliván» resultan aínda pertinentes as respostas que dá ás vellas —e actuais— preguntas: quen oprime as mulleres?, quen é o inimigo?, a quen hai que enfrontarse?

En *Andaina*, núm. 23 da 2ª época (verán de 1999), «50 anos de *O segundo sexo*», compartindo *dossier* María Xosé Agra, «Que é unha muller? A persistente relevancia de *O segundo sexo*», e «Tralas pegadas de *O segundo sexo*» de Montserrat Oliván (páxs. 30-33), de interese e actualidade ambos, dezasete anos máis tarde.

No ano 2011, *Andaina*, núm. 58, outro artigo, «Homes nas organización feministas?» (páxs. 19-23), que viña dar unha resposta basicamente afirmativa á pregunta de bastantes mozos que buscaban un ámbito onde compartir ideas e discutir sobre feminismo.

Aí están os artigos para quen queira lelos.

Tampouco agora teño o ton, pero son capaz de escribir esta nota aínda chea de tristura. Un ano matiza a dor da perda, non o oco da súa ausencia para min, que tanto me gustaba facela rir e rir con ela estudando, debatendo, tomando cañas ou facendo o parvo. A miña Montse. ■

Xornadas Dereito e xénero

ASAMBLEA NACIONAL DAS ESTUDANTES
GALEGAS (ANEGA)

Durante dúas semanas, a facultade de Dereito da USC albergou unhas xornadas sobre feminismo baixo o nome de «Dereito e xénero», froito do traballo das compañeiras de ANEGA (Asamblea Nacional das Estudiantes Galegas).

ANEGA é unha organización estudantil nacida dun proceso de asembleas abertas que dende un comezo asumen a loita por un ensino non patriarcal como un dos seus principios fundamentais, así como asume tamén a loita por un ensino galego público, de calidade e de balde. A nosa actividade principal prodúcese nos centros de estudo, se ben contamos con coordinadoras a nivel comarcal e nacional que nos permiten desenvolver traballo a distintos niveis. Entre este traballo atópase dende a organización das estudantes para loitar por problemas concretos, como a realización de palestras e debates que colaboren na nosa formación a nivel académico.

Contamos, tamén, cunha Asemblea de Mulleres onde as rapazas da organización e todas aquelas que queiran

achegarse debatemos, analizamos e propoñemos actos e mobilizacións coa fin de concienciar á sociedade ou de loitar contra actitudes machistas que, como estudantes, nos afectan no noso día a día.

Sendo conscientes da necesidade de ampliar a nosa formación e de crear espazos de debate decidimos organizar estas xornadas nunha facultade que, ademais, conta cunha elevada porcentaxe de mulleres nas aulas.

Desta forma, tratamos de abarcar distintos temas que están presentes nos movementos feministas de hoxe e darlles un formato que resultase atractivo para as mozas que se achegaban por primeira vez, permitindo identificar o que ían escoitar coas súas vivencias diarias. Temas como poden ser a educación en igualdade, as liberdades sexuais e reprodutivas, o desenvolvemento da personalidade, a cuestión do xénero, a precarización económica das mulleres dende o comezo da crise, así como moitos outros temas que fomos tratando ao longo das dúas semanas. Quixemos

tamén abordalos dende unha perspectiva xurídica, e falamos do intento de reforma da lei do aborto, da posibilidade de regular a prostitución e das súas consecuencias, así como da necesidade de legislar dende unha perspectiva de xénero, como garantía para acadar unha sociedade máis igualitaria.

As xornadas consistiron nun conxunto de cinco charlas e unha proxección, contando entre as relatoras con mulleres comprometidas chegadas de distintos espazos, contando así con deputadas, sindicalistas, profesoras, activistas.

A primeira charla veu da man de Carme Adán e permitiunos falar do percorrido da lexislación en materia de violencia de xénero, tanto a nivel galego como estatal, e da necesidade de reforma da lei, de maneira que inclúa todas as formas de violencia machista, da introducción do concepto de feminicidio.

Seguidamente, puidemos escoitar a Laura Bugalho e Ximena González traendo o xénero a discusión, falándonos do concepto de xénero, as transexualidades e a teoría *queer*.



O mércores proxectamos dúas curtametraxes co posterior coloquio sobre micromachismos e as condutas machistas que día a día sofren as mulleres.

Na seguinte xornada contamos coa sindicalista Margarida Corral, e observamos como a crise económica foi especialmente perxudicial para as mulleres, como se viron afectadas pola precarización do traballo e como o sistema capitalista impídenos acadar unha sociedade xusta e igualitaria.

A segunda semana que ocuparon estas xornadas, contamos coas deputadas dos partidos que conforman o Parlamento galego para debater sobre unha das reivindicacións históricas do feminismo: o dereito á interrupción voluntaria do embarazo. Alí estiveron Noa Presas (BNG), Eva Solla (En Marea) e Margarita Sánchez (PSOE). O PP foi convidado, pero anunciou a súa baixa a última hora. Decidimos traer unha visión o máis ampla posible deste tema debatendo sobre aspectos como as melloras e reformas na lei que poderían levarse a cabo, os límites, o intento de

Tratamos de abarcar distintos temas que están presentes nos movementos feministas de hoxe e darlles un formato que resultase atractivo para as mozas que se achegaban por primeira vez

reforma de Gallardón ou a necesidade dunha educación sexual e de condicións sanitarias adecuadas que permitan ás mulleres exercer o seu dereito con seguridade.

Por último e como peche, trouxemos a debate un dos temas máis complexos e presentes dentro do movemento feminista: a prostitución. Coa presenza de Hadriana Ordóñez, Ana Luisa Bouzas, Laura Bugalho e Carmen Lago abordamos un dos debates que máis controversias xenera, intentando botar un pouco de luz sobre a realidade das pros-

titutas en Estados regulacionistas, así como as consecuencias deste tipo de regulacións.

Tanto a asistencia ás xornadas como a participación nos debates foron tremendamente exitosos. Durante case dúas semanas, os salóns de actos e de graos da facultade ateigáronse de centos de mozas que, dende as súas vivencias persoais, puxeron sobre a mesa un problema que nos afecta a todas: o machismo.

O éxito das palestras e dos debates fíxonos reflexionar e entendemos que é hora de estender estes debates tanto ao ensino medio como a espazos máis alá do estudantil. Só a loita diaria, a concienciación a través de pequenos actos como o que vimos de realizar, permitiránnos avanzar cara unha sociedade máis xusta, igualitaria e integradora.

A loita feminista é a loita de todas, e temos o capital humano suficiente como para seguir artellando movementos que nos permitan conquistar os nosos dereitos como mulleres e acadar a liberdade sexual para todas as persoas. ■

Urxencias e necesidades:

tombar o ERE en Extel e dignificarmos as teleoperadoras

NOA PRESAS

O pasado 29 de setembro todo o telemárketing do Estado estaba chamado a parar unha hora en quenda de mañá e outra en quenda de tarde. O motivo desta convocatoria, que non era novidade no marco galego, onde as organizacións sindicais de obediencia non estatal levan tempo facéndoos, era o convenio colectivo, pendente desde 2014. Cando falamos de loitas por convenios, no imaxinario popular está a idea de mellora, de loita por un convenio mellor. Hai unha especie de idea xeral de que os convenios están aí e se se tocan é porque se quere máis, mesmo ás veces cunha certa moral penalizadora (*Non hai traballo e quen ten o privilexio quere facelo en mellores condicións, que tolería, non?*). Comecemos a desmontar mitos: sen entrar xa na reforma laboral e o que significou para a negociación colectiva, xa non é que agora mesmo no telemárketing se estea

loitando por un convenio *mellor*, lóitase por seguir sendo teleoperadoras e non directamente escravas. Por non ter un convenio *moito peor*.

Sempre que lle explico a alguén de que vai esta loita sindical repito o mesmo exemplo para que entendan que a importancia deste convenio vai moito máis alá duns euros máis ou menos no peto. Non é que non teña máis nin que non me preocupen cuestións como a conxelación salarial, o camiño cara a distribución disparatada das horas de traballo en función dos picos de chamadas ou o recoñecemento das enfermidades profesionais. Non é iso, é só que penso que este exemplo é a mellor forma de que a persoa ouvinte entenda que falar de escravismo non é unha esaxeración esquerdista nin un titular. Imaxina por un momento estar durante dúas horas falando, escoitando, interpretando, resolvendo, tecleando,





A importancia deste convenio vai moito máis alá duns euros máis ou menos no peto



pensando, mirando a pantalla. Dúas horas seguidas nas que non podes erguer, parar, descansar a vista, estirar as pernas ou ir ao baño. A día de hoxe, o convenio recoñece paradas visuais de cinco minutos cada hora (aproximada, as chamadas poden alongarse e non podes interrompelas) nas que podes facer iso. Cinco minutos cada sesenta. E agora a patronal quere reduci-lo á metade. Parar cinco minutos cada dúas horas. E engado, o de ir ao baño é unha concesión do sentido común das persoas que dirixen as plataformas que eu coñezo, porque realmente o convenio non especifica que ti poidas moverte do posto.

Comezaba dicindo que en setembro se convocaron paros e despois unha folga. Porén, pouca xente se decatou. Se o telemárketing galego conseguiu coarse timidamente nas pantallas, na prensa e, sobre todo, nas redes sociais,

foi porque esta loita coincidiu con outra que cobra, afortunadamente, forza e eco no noso país: o ERE de Extel. Extel é unha das empresas máis grandes da cidade da Coruña e dá traballo na actualidade a aproximadamente 900 persoas que prestan os seus servizos para a empresa telefónica Movistar, tanto en atención ao cliente como en emisión de chamadas.

Este ERE é de ámbito estatal, como estatal é a implantación da empresa. Porén, afecta maioritariamente á empresa da Coruña. Isto non é casualidade nin ten xustificación. Nos contratos mercantís non aparece a *territorialización* de Movistar, polo que non aparece en ningures que determinadas chamadas do Estado teñan que atenderse en determinadas plataformas, polo que a presunta «baixada» de chamadas na Coruña que argumenta a empresa non obedece a nada real, máis que á deci-

Imaxina por un momento estar durante dúas horas falando, escoitando, interpretando, resolvendo, tecleando, pensando, mirando a pantalla. Dúas horas seguidas nas que non podes erguer, parar, descansar a vista, estirar as pernas ou ir ao baño



O telemárketing é precario por natureza e esquecemos que leva nome de muller, xa que a precarización vai da man do patriarcado

sión de afectar a ese centro e de derivar, como xa se ten demostrado, chamadas cara Colombia, agochando un proceso paulatino de deslocalización. Ademais, as traballadoras demostran ter feito horas extra (se sobra xente e falta traballo, por que hai horas extras?). Entón, por que o ERE afecta sobre todo á Coruña? Máis alá doutras razóns que se nos poidan escapar, é o de sempre. Presuponse menos poder político e menos resposta social. Afortunadamente, os feitos están demostrando o contrario e o persoal de Extel está demostrando unha capacidade mobilizadora exemplar. Houbo varios paros de 24 horas superando o 90 % de seguimento, accións colectivas coa Mesa pola Normalización Lingüística para reclamar atención en galego chamando ao 1004, mocións nos concellos, accións simbólicas nos monumentos das cidades, etc.

A progresiva deslocalización da planta de traballo da Coruña tería consecuencias dramáticas a nivel laboral e agravaríase pola perda da atención en galego, eliminando un dereito lingüístico e perdendo unha oportunidade de sumar nun ámbito tan importante para dotar á lingua de prestixio como é o empresarial. Non é de estrañar que ante a perda de postos de traballo e a difusión do conflito, chamase a atención de moitas persoas que ollaron cara Extel e que terían pasado por riba da cuestión

do convenio. Levan xa máis de 12 mil sinaturas en apoio e ese apoio vai medrando, e ten os seus froitos. É tan así, que inicialmente estaban previstos 205 despidos e no momento de pechar esta edición xa tiñan descendido a 167 e a empresa busca o 100 % de adscrición voluntaria para evitar problemas legais. Este ERE treme por todas as partes, non se sostén nin co anémico marco legal no que nos movemos e estou convencida de que ímolo parar. E digo *ímolo* sen ser traballadora de Extel, porque todas as traballadoras e todas as potenciais consumidoras de Movistar temos a responsabilidade de volcarnos contra el.

Por iso, gustaríame que Extel fose unha oportunidade para ir alén, para reflexionar colectivamente sobre por que asumimos que o telemárketing é precario por natureza e esquecemos que leva nome de muller, xa que a precarización vai da man do patriarcado. Malia a caída de empregos, os centros de chamadas dan en Galiza arredor de 8000 postos de traballo. Só este dato debera dar pé a que, por exemplo, as forzas políticas falasen máis deles nas campañas. Eu, que son militante dunha, reflexionei sobre isto, porque para min o telemárketing pasou a ser unha experiencia persoal, porque o certo é que é unha profesión tremendamente invisibilizada. Romper con iso é fundamental para dignificar a profesión.



Copamos o pé da pirámide dunha profesión de servizo e atención ao cliente sobre a que escoitamos nas entrevistas das ETT que buscan mulleres *porque están acostumadas a aguantar, teñen máis aguante, pero non existimos nos centros de decisión*

Dunha banda é invisíbel porque é unha profesión de mulleres. Máis dun 70 % dos cadros de persoal son mulleres e, porén, o 100 % da patronal son homes e só un 50 % da representación sindical que negocia ese convenio son mulleres. Copamos o pé da pirámide dunha profesión de servizo e atención ao cliente sobre a que escoitamos nas entrevistas das ETT que buscan mulleres *porque están acostumadas a aguantar, teñen máis aguante, pero non existimos nos centros de decisión*. É tamén profesión de mulleres porque abundan as xornadas parciais e somos nós quen neste contexto de crise temos que suplir as carencias do sistema público e atender maioritariamente os coidados familiares. Non por acaso lideramos as porcentaxes de traballos temporais, alén dos salarios máis baixos. Sumemos dificultade na conciliación (se a maioría dos centros de chamadas non teñen nin plan de igualdade, loxicamente non teñen tampouco prestacións deste tipo) e a dependencia económica que supón cobrar maioritariamente por debaixo do SMI.

Doutra banda, é invisíbel tamén porque a teleoperadora está *lonxe*, a xente non identifica á profesional nun despacho a pé de rúa, non a atopa nos centros comerciais ou identificada co uniforme no transporte colectivo. A negativizar esa imaxe contribúen as

políticas nocivas das multinacionais, coa presión telefónica para vendas e a deslocalización a terceiros países que empeora o atendimento por diferentes motivos (por exemplo, o rueiro galego é complexo para traballar con el desde unha realidade distinta, sexa Bogotá ou Madrid).

Tamén empurran outros prexuízos. A figura de teleoperadora está invisibilizada e denostada socialmente porque son traballadoras pobres (un umbral que pon a UE, ollo!) e porque se asimila cun traballo temporal *de estudante* ou de *quen non estudou*, criminalizando a quen non ten estudos na era da *xeración mellor preparada*, como se por iso estivese xustificado o escravismo. Neste sentido, aínda que é considerábel o número de traballadoras con estudos superiores, segue a ser un tabú. Eu teño oído o comentario de como alguén con dúas carreiras é teleoperadora, como se os títulos deran de comer *per se*. A idea de que as novas xeracións deste país tiñamos todo por gañar ao estudarmos calou e vólvese contra a loita obreira en forma de tabú, socialmente é un fracaso persoal e iso contribúe ao silencio.

Outro dos tópicos que temos que rachar é o de *vale calquera*. Menosprézase a profesión porque maioritariamente non se precisa unha formación previa específica nin require fortaleza

física. Socialmente valórase máis o risco de saúde e esforzo de profesións tradicionalmente de homes, aínda que as condicións laborais sexan terribéis. Non obstante, pouco se valora o esforzo requirido nin se reflexiona sobre as consecuencias físicas e psicolóxicas dos centros de chamadas. O túnel carpiano, o cóbado de tenista e as afonías son marcas da casa e a prevención de riscos ou os espazos de traballo adaptados, unha excepción. E despois está a presión psicolóxica, moitas veces aumentada nas mulleres polas circunstancias persoais nas que asumen ese traballo compatíbel con responsabilidades familiares impostas, que merecería unha atención especial.

Como sociedade, como consumidoras e desde os centros de traballo, temos que rebelarnos contra todo tipo de abuso, opresión ou violencia no marco laboral, onde o xénero é un factor determinante. Pese ás dificultades engadidas que temos as mulleres no sistema que nos tocou combater, organizarse é fundamental para sumar forzas e para presentarnos a nós mesmas nos centros de decisión, sexan os políticos, os sindicais ou os de dirección de empresas. Visibilizar as profesións que ocupamos, sinalar a súa precarización e por que a pagamos nós é fundamental para combatela. O que non se coñece, permanece. ■

De angueiras feministas

NANINA SANTOS CASTROVIEJO

O feminismo forma parte, hoxe, dos valores que se consideran positivos socialmente? A resposta a esta pregunta depende das coordenadas de lugar e tempo desde as que se formule.

Eu, que veño de antes dos comezos das loitas feministas no final do franquismo, diría que hoxe case ninguén se atreve a *defender en público* que as mulleres non deben ter idénticas oportunidades e dereitos que os varóns; que son eles quen teñen que tomar as decisións que atinxen á familia e as mulleres obedecer; que os varóns poden mallar nas mulleres, nas *súas* mulleres, nas *súas* fillas e que eles son máis listos, máis capaces e están mellor preparados pola natureza para desenvolverse na vida social, política, sexual ou cultural, razón pola que deben ocupar os postos de dirección e mando en todos os eidos da sociedade, agás nos labores domésticos e de coidados.

Visto así, que é desde onde vou facer as reflexións que seguen, considero que este é un logro inmenso que a cotío se

perde de vista e interesadamente moita historia oficial esquece que foi grazas á loita feminista.

Que o feminismo sexa parte do acervo desexable e o papel xogado nisto pola loita feminista debemos telo como patrimonio conseguido, aínda que como boa parte do patrimonio inmaterial é inestable e fráxil.

É na miña opinión importante fixar isto, porque con frecuencia escoitase dicir en círculos do feminismo que non avanzamos, que sempre estamos co mesmo, que o machismo medra, que o patriarcado reina por *doquier*.

Non é certo que teñamos retrocedido, non é certo que as rapazas hoxe teñan menos ansias de igualdade e liberdade que as súas nais ou as súas avoas; hoxe moitísimos varóns están fundamentalmente implicados na crianza de fillos e fillas, asumen o traballo doméstico como parte das súas tarefas e non se consideran máis que as mulleres. Tampouco é verdade que *calquera tempo pasado fose mellor*, sobre todo porque

parece que nos deixa en mellor lugar as que temos máis anos.¹

A loita feminista desenvolvida desde finais do franquismo foi minoritaria. Recibiu aplausos e críticas, apoios e tamén insultos e improprios de todo

¹ Penso, non obstante, que importa considerar que vivimos nunha sociedade onde a ditadura do politicamente correcto (en materia de feminismo se cadra con maior intensidade que noutras cuestións) fai que sectores, organizacións ou persoas deixen de expresar ou non se atrevan a dicir cousas que pensan porque saben que serán colocadas na picota se o fan. Así, seguro que corren ríos subterráneos que descoñecemos, dos que non sabemos os seus matices ou a magnitude do seu caudal, etc. E esa ditadura é un bo caldo de cultivo para as acomodacións das conciencias e a falta de percepcións realistas e apreciacións críticas. Tamén é imprescindible ter conta da usurpación da linguaxe liberadora por parte da dereita que a usa sen empacho e con total cinismo como medio de desarmar os seus oponentes, sen que en realidade o que esa linguaxe expresa forme parte do seu acervo.



Manifestación dos anos oitenta en Santiago de Compostela

tipo. Por parte de homes e de mulleres. Máis vellos e máis novos. De sectores do pobo e das clases dominantes. De persoas activas socialmente en contra da opresión e das inxustizas que teimaban que o feminismo, a loita feminista existente, dividía á clase obreira, ao pobo, creaba contradicións no seo da nación e alteraba a paz e as boas relacións no interior das organizacións de esquerda (partidos, sindicatos, asociacións veciñais...) e, por suposto, da vida doméstica, removendo privilexios varonís sempre gustosos para quen os gozaba e lle tiraba proveito.

Froito desa loita e do logrado coa reivindicación da igualdade de oportunidades, moitas mulleres apareceron na vida pública dispostas a *compartir o pastel* e isto orixinou liortas de toda caste e condición, coas *típicas difamacións* coas que se intenta, e consegue ás veces, desprestixiar a un oponente, rival ou persoa competidora para sacala do medio. As difamacións sempre viñeron da man da vida privada sen conexións

políticas, cívicas ou éticas, e sempre *tocando sexo*.

Hoxe a presenza de mulleres na vida política, mesmo en primeira liña, nada ten que ver co panorama de hai dez ou vinte anos. Dixen vida política, sen embargo poderíamos explorar a xudicatura, o mundo académico, a creación, a universidade, a empresa, as forzas armadas, a investigación, o deporte, etc.

Hai problemas, claro. Non se me ocorre dicir que as relacións entre os sexos sexan unha balsa de aceite, que as mulleres dispoñan de igualdade de oportunidades, que os dereitos que predican as leis se cumpran. Ai se a lei e a vida fosen máis xuntas! Dígoo, porque nas leis, hoxe, pódese falar de discriminación? Diferenzas salariais, hiperrepresentación de mulleres no traballo doméstico e de coidados, violencia no seo da parella e ex-parellas, ataques á liberdade sexual... O *todopirolos* dalgunhas institucións (academias, grandes corporacións da comunicación e outros sectores da industria), e desde logo a delgadez da pre-

senza feminina no poder económico e político.²

Logros e carencias que están aí e que precisan, uns e outras, ser coñecidos e recoñecidos para aprezoar o conseguido e non minusvaloralo.³

Das cuestións que vivimos e que agora lembro (ao igual que lles sucedeu a nosas superavosas sufraxistas, ás defensoras do acceso das mulleres á educación e a ocupar postos públicos, etc.) era

² Remito ás persoas lectoras ao interesante artigo de Paloma Uría, «A igualdade entre mulleres e homes: O vaso medio baleiro?», *Andaina*, núm. 66 (decembro de 2015).

³ Un dos logros ten sido a implicación de moitas institucións na igualdade de oportunidades, porén ao mesmo tempo non se pode ignorar o papel de fagocitación do feminismo pola institución. Papel que tamén teñen xogado organizacións políticas enleándoo a elas, que así quedan baixo o seu reinado. Xeitos ben coñecidos, xunto a outros, de desarmar o potencial de crítica, oposición e loita.



As difamacións sempre viñeron da man da vida privada sen conexións políticas, cívicas ou éticas, e sempre *tocando sexo*

o interese *oficial* en ignorar ou ridiculizar, segundo os casos, a idea e a palabra *feminismo* ou *feminista*.

Un xeito de crear un cordón *sanitario* que arredase ás mulleres (as boas e as malas, as que reivindicaban ben e as que están trastornadas, as que queren que se recoñeza o seu papel de esposas e nais e as que cuestionan que ese sexa o seu papel na vida, as que ousan falar en público do seu pracer e do seu desexo sexual sen aceptar que este está subordinado ao sexo dos varóns), para que non se incorporasen a esa loita de tantas maneiras posibles: simpatizando, aplaudindo, promovendo, cuestionando, reivindicando na casa, etc., facendo máis numeroso e forte o movemento feminista e os seus afáns e mesmo dando valor aos propios termos feminismo e feminista.

Nisto tamén temos avanzado moitísimo, porén, segue habendo tribunales e medios de comunicación teimudos en identificar feminismo con abuso das mulleres, totalitarismo, inversión do machismo, etc. Teimosos en confundir *feminismo*⁴ cos seus temores particulares á igualdade ou mesmo con algúns

⁴ No diccionario de María Moliner: Doutrina que considera xusta a igualdade de dereitos entre mulleres e homes. Tamén o movemento encarrado a conseguir esta igualdade.

excesos feministas. Outra vez, o cordón sanitario.

A reivindicación do feminismo é moi necesaria, independentemente dos moitos e enormes matices que existen dentro que impedirán a unhas e outras persoas identificarse con este xeito, esta consigna, aquela loita así enfocada, sen embargo, todos baixo o paraguas e o manto da loita pola igualdade de dereitos e a prol da liberación das mulleres.

A conciencia das mulleres de seren elas quen de falar de si propias, de ter voz e usala e de tomar as súas propias decisións (equivocadas ou non) ten sido un cambio social e político de primeira magnitude. De aceptar cada vez menos que sexan os pais, maridos, curas, xinecólogos, psiquiatras ou calquera outro grupo (Estado incluído) quen diga o que elas queren, que lles gusta ou que lles convén. Elas, *suxeito*, por fin, de igual xeito que o *suxeito* varóns.

Da nosa andaina feminista

Nos nosos comezos compartiamos as posicións máis comúns sobre a *liberación da muller*, a *opresión da muller*. A *muller*, un ente e un ente homoxéneo, debedoras, desde logo, do pensamento dominante na esquerda naquelas alturas:⁵ a nación, o pobo, a clase obreira,

⁵ Refírome aos comezos do feminismo posfranquista, finais de 1975.

segundo sensibilidades, como entelequias que algúns dicían representar e coñecer os seus *intereses obxectivos*. Nós, tamén falabamos da muller, non das mulleres, e dos seus intereses, que nós descifrabamos porque nos sentiamos investidas da capacidade de interpretalas e representalas en exclusiva.

Froito daquel xeito de entender a liberación da muller, a opresión e a *muller* mesma, participamos algo de posicións *coercitivas* ou penalizadoras: hai un xeito de ser feminista, mentres que outros xeitos eran menos *fetén* ou mesmo se cinguían sobre eles (prácticas ou ideas) sombras de sospeita (algúns xeitos de vestir, calzar, pintarse ou *maquearse*, ser nai, non querer participar na vida pública, practicar ou usar sexo de pago, usar pornografía, militar en organizacións mixtas...). Sombras de sospeita que se extendían tamén sobre as mulleres hétero, que parecían unha clase de feministas de menos categoría que as lesbianas ao igual que as feministas de *dobre militancia*.

Nós estivemos pouco afectadas destas posicións que tiñan bastante predicamento nalgúns feminismos, mesmo combatemos algunhas desas ideas.

Hoxe, tanto tempo despois, partillamos os desexos de igualdade de oportunidades, empoderamento e liberdade das mulleres con todos os feminismos. Partillamos, tamén, a loita contra a vio-

[...] a *muller* mesma, participamos algo de posicións *coercitivas* ou penalizadoras: hai *un* xeito de ser feminista, mentres que outros xeitos eran menos *fetén* ou mesmo se cinguían sobre eles (prácticas ou ideas) sombras de sospeita



Manifestación do 8 de marzo 2012, Santiago de Compostela

lencia machista que se cobra vítimas sen descanso e cremos que fai moita falta seguir neste empeño. Compartimos máis do que discrepamos, pero hai diferenzas e tamén está ben falar delas.

Algunhas das cousas que me inquietan:

a) A infravaloración dos enormes logros conseguidos. A sociedade galega de hoxe pouco ten que ver coa de hai vinte ou trinta anos. Non seguimos igual, non hai máis violencia, non son peores as relacións entre mozas e mozos hoxe do que no pasado.

Xa o mencionei antes, pero non é unha cuestión menor, porque ten unha derivada preocupante.

Daquela (na orixe do feminismo nos finais do franquismo e no posfranquismo), tivo sentido que o feminismo fose *cousa de mulleres*, que nos organizásemos de xeito autónomo tamén dos homes (dos partidos, da Administración, dos sindicatos). O pensamento dominantísimo na esquerda, da que o feminismo formaba parte, era que primeiro iamos ao principal e logo, cando se conseguise o principal, todo viría detrás como cando tiras das cereixas. A liberación das mulleres, un asunto para despois. Así, fíxose necesario que as organizacións fosen só de mulleres, sen ningunha tutela e dispostas a poñer nas axendas sociais e políticas as *cousas de mulleres*.

Hoxe, sen embargo, sendo a situación tan distinta, faría moita falta que homes e mulleres participasen no feminismo como cousa de ambos.

Do suxeito *muller* do feminismo dos anos setenta e oitenta en sentido forte, a unha ideoloxía liberadora a poñer en práctica por quen se sinta chamado á igualdade e á liberdade. Eles teñen cousas que dicir e facer e deben dicilas e facelas, non limitarse a secundar o que elas din ou algunhas organizacións feministas din e fan. Certo, que moitos deles teñen que corrixir ese afán tan marcado de querer protagonizar e ocupar o asento de conducir ou ter o *mando da tele*. Máis modestia e menos ego. As mulleres tamén temos cousas que corrixir, pero ese é outro conto.

Estou persuadida de que este arrendamento de homes e mulleres e ese xeito de ver hoxe o feminismo é unha das razóns de que rapazas e rapaces novos non se vexan participando nese tipo de feminismo e mesmo lles moleste o termo, que asocian a ideas e prácticas non interesantes.⁶

b) *Machete ao machote*

Que tipo de machote? E de machete? É un xeito acaído de gañar para a causa feminista ás persoas (ou só é para os

varóns) que teñen comportamentos machistas?

Hai comportamentos que cómpre denunciar sen ambigüidades nin panos quentes, porén, é importante diferenciar denuncias e denuncias.

A violación no San Fermín 2016 dunha moza por parte de cinco varóns non pode ter o mesmo tratamento nin consideración que o sucedido nun bar nocturno de Compostela; o menor aprecio ás mulleres que os varóns no seo das organizacións sociais, sindicais ou políticas ou eses comportamentos que diversas persoas e colectivos engloban baixo o paraugas de *micromachismos*.

É para min tan obvio que non me esforzaría noutras argumentacións. Sen embargo, ás veces, co gallo de denunciar o machismo, todo, en calquera parte, veña de onde veña, córrese o risco de perder perspectiva.

In illo tempore, no meu entorno sociopolítico falabamos das *contradicións no seo do pobo* como algo a tratar de xeito diferente que ás contradicións co inimigo. Non teño hoxe esa linguaxe, pero si que me gustaría recuperar aquela idea interesante do *pensamento pro-chino*.

Bater e combater o machismo é interesante e importa. Porén, non todos os machismos son iguais nin merecen idéntico tratamento, despregue de forzas nin gasto de enerxías.

⁶ Xunto á institucionalización do feminismo denantes falada.



Protesta nas aulas da usc, 2016

Hai asuntos que teñen que ir directamente a un xulgado. Ademais de machistas son delitos e algúns graves ou gravísimos: violacións, asasinatos, malleiras persistentes... Sucedan onde sucedan e entre quen sucedan.

Tocante a outros asuntos machistas que sucedan no interior de organizacións sindicais, veciñais, políticas, culturais e no interior das familias, convirá explorar os medios de denuncia que sirvan para avanzar na conciencia das mulleres e dos varóns (xuntas de autoconciencia, teatros de rol...), tal vez máis indicados que botar volantinas, uso de redes sociais abertas...

Annie de Pisan relata en *El problema de la violación*⁷ a violación dunha moza que participaba nas xuntas do comité de apoio dun centro de traballadores emigrados ameazados de expulsión en 1975 en Francia e os debates sobre a cuestión. A cultura da esquerda maioritaria daquela era pouco belixerante coa violación. Súmese a isto que o autor era un negro ameazado de expulsión. Os debates entre *esquerdistas* e as mulleres do MLF foron duros e boa parte dos argumentos esgrimidos polos

esquerdistas (entre os que había mulleres moi activas) farían arroibar hoxe a calquera sen unha gran conciencia nin social nin feminista (caso de que esta non se considere formante daquela). Entre a defensa dun pobre negro (atribulado polo racismo) e unha moza promiscua, por solidaria que fose..., xa podeades imaxinar.

Non estamos en 1975 nin en Francia. Hoxe e aquí, *a cultura maioritaria* sobre esta cuestión é defensora da liberdade das mulleres e da súa integridade.⁸ Houbo que batallar. Pódense lembrar algunhas sentenzas de xuíces que sen máis culpaban ás mulleres polo xeito de vestir, por camiñar soas, de noite, etc. Non obstante, é necesario lembrar como eran as leis e que era o que protexían: a honra do pai, do marido e da familia no canto da liberdade e integridade das mulleres. E tamén, claro, que era o que se consideraba violación e o que non.

Criminalizar condutas individuais é preciso cando son criminais, pero non

⁸ Sei que hai sectores que pensan —aínda que non o digan en voz alta— e que practican —que é moito peor— que ás mulleres lles gusta ser acurralladas, que din non, aínda que en realidade lles gusta ser forzadas, que unha muller libre ou libertina está pedindo guerra e etc. Pero todos os inqueritos sobre esta cuestión nos fan saber que son sectores minoritarios.

Se dicimos que *todo é violencia* contra as mulleres e todo de igual intensidade facemos un fraco favor á loita contra a violencia machista

é acaído cando son condutas machistas de baixa intensidade (ofenderá a alguén este matiz?).

Se dicimos que *todo é violencia* contra as mulleres e todo de igual intensidade facemos un fraco favor á loita contra a violencia machista, que require fixar ben os brancos, sumar forzas, gañar adeptos, convencer, cambiar conciencias e comportamentos e desde logo castigar aos asasinados, maltratadores convictos e violadores.

Ademais, neste *machete ao machote*..., onde deixamos as condutas machistísimas dalgunhas, non poucas mulleres? Son as delas menos perigosas, ofensivas, molestas, denigrantes, humillantes que as deles? Deben castigarse as deles cun plus por proceder de varón?

c) Unha certa idea de que a alienación das mulleres ou mulleres en situacións de vulnerabilidade (concepto algo esvaradío) lles impide tomar decisións acaídas, por exemplo en relación á prostitución ou á hora de non denunciar situacións de malos tratos de media e alta intensidade, o que precisa que alguén que si sabe o que lles convén decida por elas e *as salve*.

Se de traballadoras do sexo falamos, négaselles capacidade de decisión e discernimento ás que optan por este xeito de gañarse o sustento. Elas, suxeitos pasivos: prostituídas, tratadas, traficadas.

⁷ PISAN, A. de, e A. TRISTAN: *Historias del movimiento de liberación de la mujer*, prólogo de S. de Beauvoir, Madrid, Debate, Col. Tribuna feminista, 1977.



Manifestación do 8 de marzo 2012, Santiago de Compostela

Sobre o particular quero avisar que é importante non confundir o exercicio da prostitución con trata e a tamén interesada confusión de trata e tráfico, aínda que en non poucas ocasións se dean xuntas.

Na prostitución *tamén* hai violencia, trata e tráfico. Hai abusos de todo tipo, igual que noutros traballos, por exemplo, no servizo doméstico (onde hai violencia, abusos de todo tipo, trata e tráfico), sen embargo ninguén di que o servizo doméstico sexa violencia, e se o dixese, erraría. Prostitución e servizo doméstico, dous traballos hiperfeminizados. Un, mal visto e ben pago. Outro, ben visto e mal pago. Ambos sen recoñecemento real dos dereitos dunhas e doutras traballadoras.

Na cuestión da violencia machista de media e alta intensidade, tamén hai sectores feministas (e non só) que din que

as mulleres que a están padecendo *teñen* que denunciar, que as que non denuncian non fan ben (mesmo non poden acceder ás axudas que a lei prevé).

Seguro que hai casos así, pero o que é segurísimo é que a maioría de mulleres que padecen violencia deste tipo e non denuncia ten razóns ben sopesadas para non facelo e saben o que fan e saben por que o fan.⁹

Non pensades que se pode rastrexar atrás disto aquela vella idea *milenaria* de que as mulleres precisan que alguén as tutele? Que tomen decisións por elas

⁹ Non hai que desconsiderar se se trata dunha persoa perversa ou dun maltratador primario, cuestión que a muller que está padecendo maltrato sopesa. Tamén calcula as complicacións que se abren coa denuncia, entre outras a non garantía de protección efectiva.

Prostitución e servizo doméstico, dous traballos hiperfeminizados. Un, mal visto e ben pago. Outro, ben visto e mal pago. Ambos sen recoñecemento real dos dereitos dunhas e doutras traballadoras

pais, maridos, curas, xuíces, xinecólogos, Estado ou *feministas máis avezadas* porque non son capaces de todo?

Non comparto este xeito de pensar nin actuar: as mulleres somos *capaces* de tomar as nosas decisións e gobernar as nosas vidas¹⁰ escollendo o que poidamos escoller (non se pode escoller abstractamente, ninguén pode facelo).

Se nos equivocamos, as equivocacións serán nosas e delas aprenderemos e isto é unha compoñente esencial do feminismo, a capacidade das mulleres de axencia.

Por isto loitamos nós no pasado e por isto seguimos loitando e, gustaríame chegar a ter a certeza de que se trata dun patrimonio compartido. ■

¹⁰ Ou non, ao igual que tantos varóns.

Chantal Akerman

RENATA OTERO

O 28 e 29 de xullo de 2016 codirixín, xunto a Marta Pérez Pereiro, o seminario «Chantal Akerman: cineasta de culto, muller e transgresora», na Facultade de Ciencias da Comunicación da usc. Tratouse dunha homenaxe póstuma a esta gran pioneira que, entre outras cousas, dignificou a presenza da muller na gran pantalla. O evento foi un éxito de convocatoria e deixounos bo sabor nos beizos.¹ É por isto que me parece oportuno falarvos un pouquiño máis desta autora e publicar unha entrevista inédita que realicei² en 2005. Texto que dá mostra da súa personalidade: nerviosa, inqueda, forte e vulnerable, ao mesmo tempo. Pero antes permitídemme que vola presente. Ao longo de máis de trinta anos, Akerman construíu unha sólida traxectoria que compila pezas do máis heteroxéneo nos seus formatos, pois percorren o cinema mudo e sonoro, alternando traballos en cor e branco e negro, películas de 35 mm e 16 mm, materiais que, ademais do celuloide, abranguen diferentes formatos de vídeo, pero tamén fotografías, videoinstalacións, espectáculos musicais e teatrais, novelas...

Centrándonos na duración das películas, Akerman creou traballos de moi diversa índole: 4', 8', 13', 35', 49', 60', 85', 118', 200'... Ademais, tense aproximado a diversos xéneros desde unha perspectiva absolutamente moderna e incluíu características do cine cómico mudo, do documental etnográfico e do performativo, do cine musical, do cine-diario, da comedia romántica do Hollywood dourado e do filme de testemuñas, entre moitos outros. Marcada pola súa historia familiar, probou múltiples estratexias estéticas e discursivas para plasmar parte da

¹ Se queredes saber máis do seminario, podedes mirar o seu blogue: www.chantalakerman.eu

² Como parte do traballo de investigación para a miña tese, *Chantal Akerman: Estratexias para la autorrepresentación*.

súa historia, empregando diarios, cartas, fotos familiares, películas caseiras...

Aclamada desde os comezos por *Cahiers du Cinema* e pola crítica cinematográfica máis selecta, moitos cineastas contemporáneos choraron a súa perda e recoñecen a súa impronta. Gus Van Sant, Todd Haynes, Michael Haneke, Sally Potter, Tsai Ming-Liang, Avi Mograbi ou Isabel Coixet, entre outros. Cando finou o pasado 5 de outubro de 2015, tiña 65 anos e 52 filmes.

Como artista visual, foi das primeiras en meter o cine nos museos e as súas videoinstalacións foron exhibidas nalgunhas das institucións públicas e privadas de máis renome na arte contemporánea: Centro MoMA de Nova Iork, Pompidou de París, Dokumenta de Kasel, Opera de Houston...

Con todo, a difusión das súas obras no noso país é moi pobre e para a meirande parte da poboación, Akerman segue a ser unha total descoñecida.

Boa parte da crítica sobre Chantal Akerman pon o seu interese nesta directora como muller³ —conectando o seu xeito de facer cine cunha corrente esencialista que aposta pola existencia dunha «estética feminina»—. ⁴ Outro grupo

³ Consultar FOSTER, G. A.: *Identity and Memory: the Films of Chantal Akerman*, Trowbridge, Wiltshire, Flick Books, 1999; MENNEL, B.: *Displacement, the Representation of Female Identity in Exile: A Comparative Analysis of Meetings With Anna by Chantal Akerman, Borderlands, La frontera by Gloria Anzaldua and Surname Viet given name Nam by Trinh T. Minh-Ha* (manuscrito da tesina), Ohio State University, 1992 e PRAVADELLI, V.: *Performance, Rewriting, Identity: Chantal Akerman's Postmodern Cinema*, Torino, Otto Editore, 2000.

⁴ Ler ao respecto: AMSBERG, K., e A. STEENHUIS: *Een branding van beelden: gesprekken met vrouwelijke filmregisseurs: Marguerite Duras, Chantal Akerman...*, Amsterdam, Contact, 1996; KELLER, A. L. M.: *Les femmes s'entêtent: Chantal Akerman and the Question of Femal*



importante céntrase nela como feminista⁵ e un terceiro faino inscribíndoa —a pesar do seu rexeitamento a esta categorización—⁶ como realizadora lesbiana.⁷ Aínda que Akerman rexeita o uso destas etiquetas porque cre que a limitan como creadora, tamén ten recoñecido —especialmente nos anos setenta—, determinados

Subjectivity (manuscrito da tesina), Harvard University, 1989; RUBY, R. B.: «Designing Desire: Chantal Akerman», no seu *Theories and Memories of the Feminist Film Movement*, Durham, Duke University Press, 1998 e a tese de doutoramento MARGULIES, I.: *Nothing Happens: Chantal Akerman's Hyperealist Everyday*, Duke University Press, Durham e Londres, 1996.

⁵ Sobre isto, podedes consultar: BERGSTROM, J.: «Chantal Akerman: Splitting», no seu *Endless Night: Cinema and Psychoanalysis, Parallel Histories*, Berkeley, University of California Press, 1999; BRUNSDON, C.: *Films for Women*, Londres, British Film Institute, 1986 e HARVEY, S.: «Chantal Akerman's Films: Notes on the Issues Raised for Feminism», en BRUNSDON, C.: *Films for Women*, Londres, British Film Institute, 1986.

⁶ Akerman detesta que a etiqueten como cineasta lesbiana ou como autora de cine de mulleres porque cre que iso limita demasiado a súa lectura. Nas súas palabras: «Neste mundo binario. É sempre isto ou estoutro. Gustaríame tanto que fose isto, o outro, o outro e o outro». AKERMAN, Ch.: «Nada na neveira. Temos que enchela», en VV. AA.: *Chantal Akerman. Unha autobiografía*, Malba, Buenos Aires, 2005.

⁷ Ao respecto, consultar a entrevista a Akerman incluída no texto VV. AA.: *Sexualität im Film*, Berlin (Oeste), Rotbuch Verlag,

intereses feministas que foron deixando pegada nos seus traballos tanto a nivel temático como formal. Para ilustrar o anterior, lembremos que entre a filmografía de Akerman hai lugar para dignificar o traballo doméstico (*Jeanne Dielman*, 1975); valorar positivamente as relacións homosexuais (*Je, tu, il, elle*, 1974 ou *Los encuentros con Anna*, 1978); render culto á nai (*Jeanne Dielman, News from home*, 1976), *Toute une nuit* (1982), *Demain on déménage* (2004), *No home movie* (2015) e o libro, *Ma mère rit* (2013); reflexionar criticamente contra os malos tratos físicos na súa peza teatral *Hall de nuit* ou psicolóxicos (*La Captive*, 2000), rescatar do esquecemento a militantes desaparecidas (*Pour Febe Elizabeth Velasquez*, 1991), ás discriminadas por pertencer a unha minoría desfavorecida socialmente (*De l'autre côté*, 2002 e *La folie Almayer*, 2011), plasmar o testemuño de anciás que sobreviviron ao holocausto (*Dis-moi*, 1980) ou apostar polas familias con dúas nais (*Demain on déménage*, 2004).

1976; MCFADDEN, C. H.: *Imagining the Impossible: Alternative Visions and Representations of Women and Their Desire in Films by Kuryrs, Varda and Akerman* (manuscrito da tese), Williamsburg, VA, College of William and Mary e MINKOFF, W. R.: *Surpassing the Envy of Desire: Female Desire, Subjectivity and Visuality in Chantal Akerman's Cinema* (manuscrito da tesina), Ohio State University, 1993.

Entrevista a Chantal Akerman

realizada na cafetería do Cine Doré
(Filmoteca Española). Madrid, 25 de xaneiro de 2005

Renata Otero: Fai dez anos que estudo o seu traballo e o meu principal interese radica no xeito no cal vostede mestura o autobiográfico coa ficción.

Chantal Akerman: [interrómpeme] Cando pensas acabar a tese?

RO: En xuño, se todo vai ben.

CA: Admiro á xente capaz de facer esas cousas, eu non sería quen.

RO: [risas] Eu por pouco. O certo é que tamén prefiro crear... [rimos as dúas].

Ben, sei que vostede non reflicte a súa biografía directamente, supoño que en certo modo para preservar a súa intimidade...

CA: [interrómpeme] Non, non o fago para preservar a miña intimidade, porque non a teño. Eu non teño vida. Emprego sentimentos, sensacións que si teño experimentado, para, a partires de aí, inventar unha historia. Os sentimentos son reais, os feitos que reflicto nas miñas películas non. Non aconteceron dese xeito.

RO: De acordo, en ningún momento crin que a súa biografía se plasme literalmente nos seus filmes [sorrí], pero na miña análise tentei rescatar transversalmente información que aparece recorrentemente nas súas películas. Por exemplo, en *J'ai faim, j'ai froid* (1984), as dúas rapazas que foxen cara á cidade tamén aparecen ao principio de *Toute une nuit* (1982)...

CA: [interrómpeme] Si, pero as cousas non aconteceron dese xeito. É certo que marchei de casa sendo nova, pero o xeito de representalo é distinto a como aconteceu.

RO: Ben, en calquera caso, admitirá vostede que este tipo de autorreferencias biográficas son moi frecuentes

no seu traballo. Por exemplo en *Toute une nuit*, a actriz Natalia Akerman...

CA: [interrómpeme] É a miña nai.

RO: Si, seino [sorrí]. Mentres ela aparece ausente na pantalla...

CA: [volve interromper] Eu chámoo e digo: «Mamá, mamá». E ela mira con desdén cara a alí e non me fai caso. Para que a chamaría tanto? Agora é ela a que insiste en que a chame. Teño que falar con ela todos os días. Chámoo e cóntame: «Tomei o meu almorciño, fixen a comidiña...». Agh!, ponme furiosa que leve unha vida tan insignificante. En fin, trala morte do meu pai, ela quedou desfeita e agora é moi insistente. Se tardo máis de dous días en chamala, chámame ela a min e lamentase, «por que non me chamas?». Así que a maior parte das veces dígame: «Veña, vou chamar. Aí vou!» [moi rápido]. «Ola mamá. Como estás? Que fas? Está todo ben?», e colgo. E tento poñerme a facer outras cousas para non pensar demasiado nela.

RO: Todo isto sae na súa novela *Une famille à Bruxelles*.⁸

CA: Si. Líchela?

RO: Encantoume. Gústanme moito os seus libros, tamén me gustou a súa peza de teatro *Hall de nuit*.

CA: [tranquila, sorrindo] Sabes moitas cousas sobre min.

RO: Ben, agora é o meu traballo.

CA: É certo. Miña nai quedou desfeita trala morte do meu pai e ademais a miña única irmá vive en México e

⁸ Esta idea da nai soa e anciá no seu piso de Bruxelas reaparece na novela *Ma mère rit* (2013) e no filme *No Home Movie* (2015).



Renata Otero con Akerman



Fotograma do filme *No Home Movie*

eu en París. E ela, soa en Bruxelas, en fin... agora está —a súa nai— en México, coa miña irmá, e aínda así chámame [con ton choromicas]: «Por que non me chamas?», [cambia de ton para interpretarse a si mesma] «mamá está todo ben, todo segue igual, tranquila».

RO: Coñece a tese que realizou sobre vostede Mónica Pravadelli?

CA: Quen?

RO: Mónica Pravadelli.

CA: Non, nin oín falar sobre ela. Que horror! [angustia-da], agora tería que buscala e lela...

RO: Eu non lle vou obrigal a ler a miña.

CA: [risos].

RO: Preguntáballe se coñecía esa investigación porque quixera saber se está de acordo co enfoque. Margullies analizaba as súas creacións en tanto que é vostede unha cineasta moi innovadora no referente á linguaxe cinematográfica nos anos setenta. Pravadelli, estúdaa centrándose máis no seu traballo durante a década dos oitenta e insiste en inscribila coma artista postmoderna.

CA: Nunca souben qué significa a palabra *postmoderno*. Sábelo ti? Nunca entendín a que se referían con iso...

RO: É un termo ambiguo, cando menos... Entón, non está de acordo con esta clasificación?

CA: Non, en absoluto. Ademais odio a Derrida.

RO: Ben, alédame a súa resposta, porque o enfoque da miña investigación é diferente e eu tampouco coincidía coas teorías de Pravadelli.

Durante os últimos anos, comeza a ser máis fácil ver algúns dos seus filmes e instalacións aquí. Pero o certo é que nos primeiros anos da miña investigación resultaba

moi difícil acceder a case toda a súa produción. Un dos traballos que máis me custou localizar e, de feito, aínda non conseguín visualizar, é *Pour Febe Elizabeth Velasquez...*⁹

CA: [interrómpeme] Pois vana incluír no ciclo da Fil-moteca.

RO: Si, seino. Pero en calquera caso gustárame saber por que escolleu a esta muller.

CA: [silencio e dúbida. Fai xestos de dificultade].

RO: Se o prefire, non me diga nada, xa a verei o mes que vén...

CA: Non, é que non se me ocorre moi ben por que a elixín a ela. Os de Amnistía... Boh!, non sei se sabes que isto foi un proxecto de Amnistía...

RO: Si, si, foi un encargo para celebrar o 30 aniversario.

CA: Exacto. Pois eles déronme a elixir entre varias persoas e eu vin a súa foto con aquel enorme sorriso e pensei: ela.

RO: Entendo, foi unha conexión a primeira vista.¹⁰

CA: Si, si

RO: Obviamente coñezo a súa admiración por Jean-Luc Godard, pero coñece vostede o seu filme *Dúas ou tres cousas sobre ela* (1967)?

CA: Si, penso que o vin, pero hai moito tempo, agora mesmo non lembro ben...

⁹ A curta rende homenaxe a esta rapaza activista no Salvador, asasinada xunto a varios compañeiros nun atentado da ultradereita.

¹⁰ Akerman explica no filme-entrevista *Chantal Akerman from here* (Gustavo Beck, Leonardo Luiz Ferreira, 2010).

Entrevista a Chantal Akerman



Chantal Akerman dirixindo *Histoires d'Amérique*, 1988.
Foto: Robin Holland

RO: Nun artigo establecíase un paralelismo entre esta película e a súa *Jeanne Dielman*. Está vostede de acordo?

CA: Non, para nada.

RO: Ben, vexo que volvemos coincidir.

CA: [sorri]

RO: Con frecuencia o amor é o tema principal das súas películas. E máis concretamente os triángulos amorosos. Vénzeme á cabeza por exemplo: *Je, tu, il, elle, J'ai faim, j'ai froid, Les rendez-vous d'Anna, La Captive, Portrait d'une jeune fille des années 60 à Bruxelles*, etc. Por que esta recorrencia?

CA: [un pouco contrariada e cortante] Non o sei. Nunca parara a pensar niso.

RO: Retomando o tema da autobiografía en diagonal. Na primeira carta de *News from Home*, a súa nai fala de que vostede fuxiu a USA para facer cine sen o consentimento paterno.

CA: Si, verás. O meu pai era un pai moi, moi convencional. Cando lle dixen que quería facer cine aquilo foi tremendo. Pero a miña nai loitou por min. Miña nai non viviu a vida que quixera ter vivido. Sempre estivo frustrada por iso. Todo aquel traballo doméstico, facendo camas, cociñando... e eu, vía. Ela non quería iso para min. Quería algo diferente para min e cando lle dixen que quería ser directora, loitou por min e defendeume diante do meu pai. Estoulle moi agradecida por iso...

¹¹ Akerman é filla de dous superviventes do holocausto, ambos de orixe polaca. A súa nai estivo en Auschwitz e seu pai permaneceu dous anos agochado nun piso franco en Bruxelas. Moitos parentes foron exterminados.

RO: Nos artigos e monografías sobre vostede que levo consultado, danlle pouca importancia a súa identidade xudía.¹¹ Só o enfocan en función do uso da linguaxe (a cadencia yiddish da súa lectura en *News from Home*), ou os modos narrativos (monólogos, ironía, quiasmos, etc.). Na miña tese destaco a importancia que ten a identidade xudía sobre o resto dos temas. Máis concretamente sobre a súa vontade de falar por boca dos desaparecidos. Refírome, por exemplo, á homenaxe que lle fai a súa avoa Sidonie en *Dis-moi*, a James Bird en *Sud* (1999) ou aos emigrantes ilegais en *De l'autre côté* (2002). Penso que a vontade de darlle voz aos que xa desapareceron, a importancia que vostede lle concede á memoria dos desaparecidos [Akerman sorri e asente coa cabeza], ten moito que ver coa tradición cultural xudía e era un aspecto descoidado nas súas análises anteriores. Na miña tese ocupa un dos tres capítulos centrais. Está vostede de acordo con este enfoque?

CA: Si.


RO: E nesta liña de falar polos que perderon a súa voz, podemos englobar tamén *Pour Febe...*?

CA: Si, tamén.

RO: Na miña tese marco tres episodios: un insiste no carácter autorreferencial das súas creacións; outro na importancia da súa orixe xudía á hora de escoller os temas, ademais da influencia que isto ten no uso da linguaxe; e por último insisto na importancia do seu xénero como cineasta que abriu unha fenda para outras mulleres directoras. Sobre este punto quixera a súa opinión. Sei que só foi militante feminista durante uns poucos meses e que non se adhíre a ningún partido político concreto, pero, como saberá, distintas agrupacións utilizan, con intención política, algunha das súas obras. Quixera saber a súa opinión ao respecto. Vénzeme á cabeza especial-



Chantal Akerman. Foto: Elizabeth Lennard



Póster do filme *Je, tu, il, elle*

O meu pai era un pai moi, moi convencional. Cando lle dixen que quería facer cine aquilo foi tremendo. Pero a miña nai loitou por min

mente *Jeanne Dielman* ou *Je, tu, il, elle*. Concretamente é frecuente ver *Je, tu, il, elle* en festivais de cine de mulleres ou festivais de cinelésbico e gai.

CA: [interrómpeme bruscamente e contrariada] Nunca quixen participar en festivais gais ou de lesbianas. Sempre que me chamaron, rexeiteinos. Non creo que *Je tu il, elle* sexa un filmelésbico.

RO: [enténdoa e trato de crear bo ambiente] Eu tampouco. Vexo *Je, tu, il, elle* coma unha película de amor, e o amor non precisa etiquetas.

CA: [máis tranquila] Non creo nas etiquetas nin nos guetos.

RO: Estou de acordo e este é o xeito en que o expresei na miña tese. Alédame estar de acordo neste punto porque con frecuencia as interpretacións das súas películas foron moi dirixidas. En calquera caso, o certo é que vostede afirmou en diversas ocasións o seu desexo de non ter fillos...

CA: Non teño fillos.

RO: Si, seino. Pero por exemplo no principio de *Histoires d'Amérique* (1988), hai un *travelling* do barco que se achega á costa de New York que conecta co derradeiro plano de *News from Home* (1976). Encántame ese principio e, en xeral, gústame moito o xeito que ten de facer autocitas as súas outras películas...

CA: [sorri]

RO: O caso é que en *off* vostede di que nunca terá fillos e...

CA: [vólveme interromper un pouco tensa] E con iso quero dicir que por iso fago cine.

RO: Exacto. Ou sexa que, se entendín ben, esas palabras reflicten o seu desexo de pasar ao futuro a través das súas películas. As películas son para vostede un xeito de deixar un rastro para o futuro.

CA: [sorri, tranquila e tímida] Iso espero.

RO: Creo que así será, si, sen dúbida. Pero o seu desexo de non ter descendencia coincide entón cunha vontade de non repetir o erro da súa nai. Coincide coa súa auto-definición como célibe?

CA: Queres que che explique por que me defino coma célibe? Síntoo, estou moi cansa e levaríame varias horas...

RO: De acordo, respéctoo, pero... Podo conectalo coa súa autodefinición coma nómade?

CA: [asente]

RO: Entón esa necesidade de celibato tería que ver coa súa continua itinerancia en función do seu traballo, das rodaxes, a promoción das súas películas, etc.

CA: Si.

Tras isto, estivemos un intre departindo sobre distintas cuestións en ton relaxado.

Despois, despedímonos cordialmente. Ao día seguinte acudín á galería Elba Benítez, falamos un pouco máis e fixémonos unhas cantas fotografías xuntas. Unha delas é a que acompaña o artigo.

Despedinme dándolle as grazas polo seu traballo e pola súa valentía. Ela sorriu con timidez e asentiu. ■

Princesas Disney



ANA LUISA BOUZA

«Non se nace muller, chega unha a selo». A frase de Simone de Beauvoir reflicte a diferenza entre o sexo biolóxico e o xénero socialmente construído, incorporado ao imaxinario colectivo a través de estereotipos sobre o que significa ser muller ou varón e os comportamentos que corresponden a unhas e outros.

Os media son factores sociais chave desda construción, en tanto que recrean a realidade —deciden que se amosa ou non, deciden como se amosa, definen un relato sobre a sociedade e o mundo— e, dentro dela, a imaxe do que é ser muller ou ser varón. Como construción social, pode ser modificada socialmente, reorientada, manipulada. Os estereotipos son representacións da realidade difundidas polas estruturas narrativas e os sistemas de construción simbólica, son atallos cognitivos que facilitan a comprensión do mundo dándonos claves para a acción. Están formados por coñecementos e crenzas que uns grupos manteñen sobre outros. Unha vez aprendidos, son difíciles de erradicar. Non se trata de que sexan falsos, son incompletos, son enfoques:

simplifican e fragmentan para facer a realidade máis comprensible. Son tamén interesados, protexen uns intereses e esquecen outros.

A socialización do xénero é un proceso fundamentalmente inconsciente que se realiza a través de estímulos que resaltan as diferenzas entre atributos femininos e masculinos. Aos dous anos as criaturas posúen xa unha comprensión parcial do xénero e, ao redor dos cinco, relacionan estas diferenzas coa anatomía. Os contos infantís teñen sido historicamente instrumento de aprendizaxe de modelos de comportamento, tamén de roles de xénero. Diversos estudos sinalan que os contos e debuxos animados máis populares de hoxe non son moi diferentes aos de hai trinta anos. Cómpre contar con que o cine, ademais de ser unha arte e unha indus-

tria, socialízanos. O seu poder emocional inflúenos máis que a realidade, lévamos a idealizar personaxes e estilos de vida. A narrativa cinematográfica acode aos estereotipos para facilitar a identificación rápida do público cos personaxes e, como consecuencia, produce o seu reforzamento, especialmente no público infantil. Na nosa contorna cultural, esas historias ocupan un espazo importante na vida diaria de nenas e nenos, mentres se reduce tanto o tempo que pasan con nais e pais como o tamaño das familias e a diversidade de modelos de xénero que perciben no seu entorno.

Os produtos da factoría Disney, tradicionalmente dirixidos á infancia, intensifican a súa presenza nos últimos anos con estratexias de márketing moi agresivas. Unha das súas liñas de fide-



lización é a marca **Princesas Disney**. Trátase de agrupar a diferentes protagonistas femininas de películas, de todas as épocas da factoría, que se presentan ás nenas como modelos cos que identificarse en función de determinados valores: «as princesas Disney evocan mensaxes positivas que animan ás nenas a creeren en si mesmas». A publicidade e o merchandising, xunto coas secuelas e repeticións das películas nas canles infantís de tv, parques temáticos e outros medios, procuranlles gran penetración.

A idea de presentar unha imaxe non sexista na publicidade dun produto é común nas estratexias de comercialización actuais. Aprópiense incluso das demandas de igualdade para vender cousas ás mulleres: a liberación é agora da *opresión* da menstruación. Nalgunha

crítica cinematográfica das últimas princesas Disney resáltase que «xa non precisan un home que as rescate» ou que «estase cambiando o foco cara a protagonistas independentes definidas por moito máis que por como se relacionan cos homes». A portada da web oficial proporciona xogos gratuítos e, naturalmente, unha tenda *on-line* onde mercar máis de douscentos produtos (zapatíños luminosos, peluches, disfraces, tiaras...) e conseguir puntos que dan acceso á Academia de Princesas, onde as nenas poderán *descubrir os seus talentos seguindo as pegadas de Ariel, Bella, Aurora... para ser unha auténtica princesa*.

As princesas da primeira xeración, Brancaneves, Cincenta e Aurora, comparten estereotipos moi estudados e que en parte se reproducen en historias posteriores. Son mozas que están soas, non teñen nai ou contrólaas unha muller mala e envexosa, traballan en labores domésticos (limpan, cociñan...) e deben ser salvadas dunha mala vida para acadar un ascenso social. Son aserivas cos animais, pero submisas co resto de personaxes. Aparecen nas historias tres prototipos de muller: a princesa (moza, fermosa e algo parva), a raíña (a nai, ás veces morta), a madrasta ou bruxa malvada, roles humillantes ou desprestixiados. Mentres, os varóns identifícanse polo que fan, a miúdo non teñen nome propio, son o rei, o príncipe... Valentes e de acción, a súa heroicidade é a maxia que converte á princesa nun ser vivo.

Unha visión feminista de Brancaneves vaina mostrar pasiva, dependente, inútil e submisas, convertida en feliz ama de casa limpando e cociñando para sete homes pequenos, sen máis amigos que os animais do bosque que a obedecen e nunca competirán con ela por ese noivo, que a salvará da súa triste vida cun bico de amor verdadeiro (monógamo, heterosexual e eterno), e a protexerá da outra muller (a mala) para sempre.

Cincenta é sometida por mulleres que a odian por ser máis guapa ca elas, son competidoras e ao tempo, familia (madrasta e fillas). Só conta coa amiza-

de de animais. O príncipe sálvaa non en recompensa da súa bondade, senón da súa beleza, da súa pasividade —as identificacións bondade-beleza, que conleva o premio, e maldade-fealdade, que conleva o castigo, son tamén marca da casa Disney—.

É moi difícil entresacar algún valor positivo da historia de Aurora, a máis parva e submisas de todas, escondida polas fadas para evitarlle o maleficio da envexa dos seus dons: a beleza e a voz melodiosa. Atopa un príncipe, pero abandónao ante o compromiso dun matrimonio concertado, e o premio é o bico de amor verdadeiro que a devolve á vida.

As princesas da segunda xeración, Ariel, Bella, Yasmín, Pocahontas e Mulán, corresponden a películas dos anos noventa e ao tipo de muller que aparece na publicidade da época: ocupadas, confiadas, atractivas, non son escravas do fogar, non obedecen a varóns —búrlanse deles—. Non aparecen como submisas limpadoras, senón atrevidas e aventureiras, mais a historia remata por poñelas *no seu lugar*. O amor pide sacrificio, elas entregan a súa independencia a cambio. As figuras masculinas, máis humanizadas, mostran unha debilidade inicial, pero o seu valor rexorde como motor necesario para un final feliz de parella heterosexual e monógama. A maldade está máis repartida, xa non está só protagonizada por bruxas envexosas, agora os malos son varóns, empurrados polo desexo de dominio.

Ariel non está reducida aos traballos domésticos, explora, busca aventura. Salva ao príncipe do afogamento e préndase da beleza del, mais para superar os obstáculos que os separan imponse a abnegación, o sacrificio da voz ante a malvada bruxa. A voz simboliza a autonomía: podes ter amor sempre que cales e ser intrépida mentres solteira; se queres parella, sométete, simula ser pouca cousa e deixa que a voz del brille.

Bella é unha lectora obsesiva, o que a distrae dos seus labores e fai que sexa vista pola veciñanza como unha moza

Sexa cal for a peripecia, o final feliz é sempre o matrimonio por amor: heterosexual, monógamo e eterno, a chave da madurez é a maternidade



fermosa pero extravagante. O problema a superar nesta historia está na natureza do príncipe, salvado polo amor e a fe de Bella. É doado ver o perigo das imaxes masculinas desta historia, nunha banda Gastón, un pailaroco violento e vingativo que tenta forzar a Bella, e na outra a Besta, tamén violento e iracundo, que só se humaniza polo amor dunha muller, que ve nel o que ninguén máis ve e o salva da súa propia violencia. A idea de que existe una natureza diferente do feminino e o masculino reaparece nos noventa da man do feminismo da diferenza. O que Luce Irigaray denomina: o pobo dos varóns carnívoro e caníbal, con afán de dominio, e o pobo das mulleres, ecolóxico e

maternal, con certa superioridade moral. Se as mulleres son superiores moralmente, non son violentas e ven alén da natureza, teñen tamén a responsabilidade de salvar os varóns de si mesmos, desa natureza. O poder delas para realizar esta conversión, segundo Disney nesta historia, está na beleza e na abnegación.

Yasmín é a primeira princesa Disney non branca, orixinaria de Arabia, é en realidade personaxe secundaria na historia de ascenso social de Aladino, a súa amizade fraternal co xenio e o mono e do seu enfrontamento co malvado Yafar.

Pocahontas é unha indíxena americana en tempos da invasión europea, ten unha amiga humana, non está illada nin ten que escaparse para correr aventuras, é libre para facelo. Cando coñece ao soldado inglés móvea a curiosidade, non o amor. Actúa politicamente como mediadora para evitar a guerra e o seu sacrificio é renunciar ao amor pola paz. Unha historia ecoloxista e pacifista, Pocahontas salva non só ao heroe, tamén ao seu pobo, deixa ir ao namorado porque é o mellor para a tribo, os antagonismos son entre etnias-pobos, redúcese o maniqueísmo nun choque de civilizacións entre a tradición e a modernidade, entre a conservación da natureza e o espolio que representan os invasores. Curioso que a única historia que non remata en matrimonio é un amor interracial.

Mulán ten enxeño e valor. É a película de princesas máis transgresora de Disney no relativo aos estereotipos de xénero, porque a solución que atopa para salvar a honra da familia non é adaptarse ao que dela esperan, ser unha submisiva noiva, senón travestirse e ir á guerra como soldado. Os amigos humanos son os camaradas do campamento. Gústalle esa vida de poder facer cousas, ser alguén de valía, non simplemente unha muller. Salva primeiro ao seu capitán e logo ao emperador e á China enteira e non pola abnegación, senón pola súa capacidade de transgredir, co seu enxeño. Mais non acepta o

lugar que se lle ofrece na vida pública, regresa a pedir o perdón do pai por romper a tradición e o final feliz de reencontro co atordado capitán volve ao estereotipo clásico: matrimonio heterosexual no seo da familia tradicional.

As princesas da terceira xeración, Tiana, Rapunzel e Mérida son posteriores ao 2000. Chega o século XXI ao mundo das princesas? Cando se demanda unha reconstrución do xénero que supere dicotomías anacrónicas, porque a taxa de actividade, o nivel educativo, as pautas de natalidade ou nupcialidade mostran que as nosas fillas vivirán outra vida, que imaxes reciben da factoría?

Tiana é pobre e negra, á compoñente étnica engádese á de clase. Traballa duro, como antes o seu pai, pola ambición de ser dona dun restaurante. Non é unha princesa, a ra non lle pide un bico pola súa beleza, senón porque pensa que é rica; ela non llo dá por amor, senón por diñeiro para mercar o local... Non son os motivos adecuados, así que o bico non funciona e pasarán un purgatorio de probas que os farán cambiar. O amor xorde pola convivencia e os humaniza polo vínculo do matrimonio e o seu sinal, un bico de amor verdadeiro. Aínda que o conflito de partida é moderno e material —ridiculiza incluso a imaxe tradicional de princesa—, segundo a historia avanza volve ao rego: a ambición de Tiana faina rara entre os seus, cuestionada até pola nai; a abnegación lévaa a renunciar a súa humanidade e é o seu sacrificio o que salva a ambos, sacrificarse para aprender a distinguir entre o que quere —o restaurante— e o que necesita —amor e familia—.

Rapunzel é audaz e optimista, no tránsito da adolescencia, coa inocencia dunha nena que cambia a golpes ao comprender a maldade da que ela consideraba a súa nai. A maldade volve ter cara de muller. Os tres estereotipos dos corenta: a nai, a bruxa e a nena. A princesa está presa pola manipulación e a chantaxe emocional, mais o seu motivo para escapar é ver de cerca un festival de luces. O mozo que a acompaña é un

diamante en bruto que Rapunzel coa súa beleza e xenerosidade tallará, unha bágoa dela resucítalo, vólveo humano. Final feliz dun matrimonio que se sitúa no futuro, porque Rapunzel ten 16 anos, non sería correcto un matrimonio infantil como final da historia.

Mérida é unha adolescente que se enfronta a un matrimonio concertado usando a maxia para mudar o parecer da nai. A dor que causa á familia faina renunciar á súa liberdade por amor e é esa renuncia a que a salva. O matrimonio será por amor e chegará cando apareza o príncipe adecuado. Tanta asertividade para este final. O milagre faino aquí outro amor, o filial, que xorde cando a nai, convertida en oso, perde a voz. As figuras masculinas son temibles ou grotescas. Non hai obxecto de desexo heterosexual nin conclusión romántica no presente.

Vese unha evolución do estereotipo que subxace nas novas princesas Disney, que adapta temperamentos, actitudes e incluso imaxe ás demandas formais de cada época paralelamente ao que sucede na publicidade (xa non se limitan ás tarefas domésticas, o rol de muller mala dilúese e aparecen relacións solidarias entre mulleres, amigas, nais e irmás, o rol de salvadora e salvado está repartido, durante a peripecia el e ela sálvanse mutuamente en diversas ocasións, aínda que hai un rescate de tipo moral cara á responsabilidade e á bondade no que sempre salva ela.

Mais, por moito que nos esforcemos en reinterpretar as peripecias das princesas, unha chea de elementos mantéñense ao longo destas oito décadas. Os cambios son superficiais, están limitados á adolescencia, manteñen sen erosión as bases do estereotipo, o obxectivo vital e a fonte da felicidade adulta vixentes dende a Brancaneves de 1937. A historia relata as dificultades que unha moza atravesará para conseguir o status de adulta-humana por medio do matrimonio. O maior don que a natureza dá ás mulleres é a beleza, como signo externo da bondade e clave do éxito na vida, unha beleza sen arestas:

delgada, ollos grandes, bonito pelo... Identificar bondade e beleza resulta arriscado nos procesos de empoderamento, aceptación e autoestima das nenas. Sexa cal for a peripecia, o final feliz é sempre o matrimonio por amor: heterosexual, monógamo e eterno, a chave da madurez é a maternidade. O instrumento máis efectivo para conseguir ese final feliz é o sacrificio, a abnegación, a renuncia á liberdade ou á propia identidade. O poder milagroso do amor romántico, que dá valor aos primeiros príncipes para matar bruxas

A promesa do produto Princesas Disney, ser un instrumento para que as nenas atopen a súa identidade, é certamente unha fraude



e dragóns, que dá fe para ver a bondade detrás da besta, que transforma a pillabáns en príncipes responsables e sócede un protagonismo ao amor filial. A idea da media laranxa, hai un home destinado a ti no mundo, a maxia encargárase de vos reunir por riba de toda dificultade.

Poderíamos concluír que a promesa do produto Princesas Disney, ser un instrumento para que as nenas atopen a súa identidade, é certamente unha fraude. Non é posible unha resignificación de modelos de muller nas personaxes e relatos tradicionais de princesas nin aparecen outros diferentes nos novos. Trátase máis ben dunha estratexia de márketing para fidelizar público e

renovar interese e compras de produtos xa caducos, revestíndoos dunha aparencia adecuada os gustos das nais compradoras.

Disney, para vender películas, zapatos ou camisetas, ofrece de xeito enganoso e manipulador de mentes infantís, propostas lonxe dos obxectivos de igualdade e autonomía que ansiamos para as nosas nenas. É manipulador mostrar submisión como bondade, é un intento de naturalizar a desigualdade. O que venden ás nosas fillas é un anacrónico modelo de xénero, un xeito de ser muller, a unhas idades e cunha intensidade emocional que podería influír negativamente na construción da súa identidade. ■

Elena Ferreiro Otero



Agora, viúva desde hai moi pouco, estou criando os netos, gozando de todos, sen traballos, e sobre todo, non debo nada a ninguén

CARMEN BLANCO RAMOS

Elena Ferreiro Otero naceu o 18 de maio de 1941 no lugar do Mato, parroquia de Cícere, en Santa Comba. A aquela meniña, que con 5 anos viu o comezo do descubrimento do chamado tesouro de Cícere, que hoxe custodia o Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, parecía que se lle auguraba unha vida máis doada do que foi. Aí vai este relato en primeira persoa que reproduce sen interrupción como mostra do matriarcado xalleiro, no profundo interior rural, e un exemplo de muller de ferro, pero boa e xenerosa, en plena ditadura franquista.

Eu acórdome cando o meu tío José, da Casa de Atrás, andaba cos zocos solados de ouro. Un día trouxeron terra da horta para plantar unha planta, aquí, diante da porta. Encontraron entre a terra unha lata e con esa latiña miña nai comprara unha vaca. Polos caixóns da casa recordo ver sempre follas de cobre.

Miña nai chamábase Preciosa Otero Campos; levou unha vida moi dura a causa da saúde. Enferma de corazón e de pulmón, morreu con 44 anos. Sempre metida nos médicos en Santiago. Buscamos cartos para pagar os medicamentos. Estabamos empeñados. Non había que comer, porque leiras había, pero non estaban traballadas, non estaban abonadas. Desde moi pequena, eu

levaba a casa e o de fóra. Ía ao monte, facía o caldo, amasaba a boroa, ía lavar a roupa ao río. Desde a cama, miña nai dicíame como facer as cousas. Debaixo de min, tiña a seis irmáns mais un primo orfo, Arturo.

Antes de morrer, a nosa nai encargounos a roupa para que non désemos vergoña ao mundo o día do seu enterro. Unha tarde díxome: «Miña filliña, que tan pobriña quedas, cando teñas catro ducias de ovos, a teu pai dille que tes dúas, para comprarlles unhas medias as túas irmás».

Pasei moitas! Meu pai valíame pouco. Tiña cancro de estómago, pero el non se privaba de nada. Andaba sempre ben posto, xa lle chamaban *O Campante*.

Tiñamos tres ou catro vacas roxas, non eran de leite. Unha daba pouco. Meu pai era quen comía o leite con sopas de pan na cunca, enriba da mesa da cociña, e nós mirabamos para el. Cartos non había, pero el non pasaba sen o seu pan. Non se daba de conta que Luchiño, o noso irmán pequeno, de trece meses, tiña que comer. Miña irmán Lisa era moi espelida e un día dixo: «Se o cucho non mama tanto, mama menos. Vamos levar o neno para a corte e alí dámoslle o leite sen que el [o pai] o saiba».

Así fixemos. Despois, o rapaz ía todo contento. Marcaba ben a hora de muxir, porque xa corría cara a porta da corte. Tivemos que rebaixarlle o leite con auga e meu pai inda nos dixo: «Aloge, non

hai máis leite?». Agochabamos os ovos en Cícere, na casa de Gloria da Mateira, para despois vendelos nas Travesas ou na feira en Santa Comba.

Ao muíño ía sempre con meus irmáns, soa nunca fun, dábame medo. Procurabamos ir contra a tardiña, co fol ao lombo. Arriba púñase un anaco de estopa para que se atase ben.

Casei con 16 anos, foi un matrimonio de *convenencia*. Un veciño díxolle a meu pai: «Casa a filla, oh!, casa a filla!». Tiven sorte co home, foi moi bo cos meus irmáns. Tratábaos mellor ca min. O noso pai morreu ao pouco de casar eu. Un ano despois de miña nai.

Aos catro meses de casar, o meu home marchou para Asturias a traballar de barreneiro na mina. Alí estivo tres ou catro anos. El traballou sempre fóra, en Canfranc, Suíza ou Menorca. Eu criaba a meus irmáns. Eramos oito persoas na casa. Os xergóns eran de palla. As tres irmás durmíamos xuntas, tres rapaces nunha cama, e na outra os dous mais grandíños. Á mañá muxiamos, daquela o pouco leite xa o comiamos nós, despois, iamos coas vacas a cavar ao monte. A meus irmáns mandeinos todo o que puideron á escola, incluso, ao máis pequeno, Lucho, que lle custaba un pouco, pagámoslle unha clase particular en Santa Comba. Eu aprendín a ler e a escribir un pouco na escola de noite de Manolo da Boliga, en Vilar de Céltigos, xa despois de casada.

Non sabíamos atar o trigo. Os meus irmáns preguntábanme a min, e eu non sabía. Eramos rapaces. Un día, Pepe de Ucha viunos na leira, veu onda nós: «Mirade, non fagades así», e ensinounos como atar os mollos de trigo. Despois xa fomos aprendendo.

Cos meus irmáns sentíame coa responsabilidade dunha nai. Tamén eles foron sempre moi dominadíños por min. E máis dunha vez cheguei a ter medo por non lles ter que dar de comer. Acórdome ben, chorei toda a tarde por non ter sequera un anaco de unto para facer o caldo. Miña irmá Lisa dixo: «Non chores máis, que mañá vou eu a Pardiñeira a ver se me deixan os cartos».



Mato, Santa Comba

E foi, inda agora contamos moitas veces o conto. Ela era atrevida, díxolles: «Eu veño aquí, que me dixo miña irmá se teñen algo para nos deixar para ir comprar unto». E veu co diñeiro.

Ao pouco tempo de morreren os nosos pais, eu fun con Arturo tallar á casa de Traba en Cícere. Na casa quedaban os demais rapaces. E tardamos, xa de noite disque escoitaron un tropel de pisadas acercándose á casa. Carolina deitou os nenos, que quedaran durmidos enriba dunhas xestas, ao lado da lareira, tapounos coa chaqueta e apagaron a luz de carburo. Ela e Eduardo estaban calados, cheos de medo, xunto aos pequenos. O ruído chegaba até a porta, pero non entraba ninguén, e así ía e viña. E como nós, Arturo e mais eu, tardabamos, decidiron non esperar máis. Volveron acender a luz e os rapaces durmidos estaban rodeados de bolboretas. Os máis grandes, Carolina e Eduardo, colleron os cativos ao lombo e marcharon para o cuarto, deitáronos na cama, eles dous sentados á beira facían garda, mortos de medo.

Cando chegamos nós, xa non entramos pola porta, senón pola ventá que daba a un agro alto, arredor da casa. Arturo cando estaba apoiado no pé da xanela mirou para dentro, e tirouse para atrás do susto, caendo enriba de min. Berraba como un tolo: acudide, acudide! Eu saín detrás del berrando

que lle pasaba. El contestaba sen parar de correr: «Está padriño na cama e mais miña tía». Entón eu pregunteille: «E os rapaces?». Contestoume: «Con eles, sentados na cama».

Eu sei por que tiñamos tanto medo. A defunta, antes de morrer, díxerame: «Ai, miña filliña, tan pobriña quedas, se Deus me dá lugar, heivos de vir ver moitas veces!».

Estiven cinco anos sen fillos, porque non cadrou. Tampouco tiña gana deles. Eu non sabía nada da píldora, nada de sexo. Nunca me falaran desas cousas. O meu primeiro fillo tíveno no ano 1962, foi Manolo. Despois viñeron: José Luís, Ricardo, Mari Carmen, Santiago e Diego. Seis fillos con moi pouco tempo de diferenza entre eles. Pensei que o casar era doutra maneira..., en moitos sentidos. Maldicín moitas veces o día que me casei. Non é fácil. Criei aos meus fillos con moito traballo, debendo as medicinas na farmacia, pero saqueinos adiante. As tortillas e os bocadillos de Nocilla non lles faltaron. Lavaba as bañeiras de roupa os domingos á hora de durmir a sesta. Ás noites encartaba a roupa. Os meus fillos nunca foron para cama sen lavar a cara, nin as mans. Nunca.

Cando naceu o meu fillo máis novo, o Diego, inda vivían comigo os meus irmáns Antonio, Lucho e Gabriel. Despois, tamén criei ós sobriños, coa mesma responsabilidade que tiven cos meus fillos e cos meus irmáns. Os pais emigraban para Suíza en busca de pan. Miña irmá Carolina, despois de casar, viviu nesta casa once anos. Ela e mais Quente, o seu home, marcharon para Suíza. Ao principio só traballaban sete meses, despois volvían á casa. Así, durante anos, até que lles deron o permiso B. Co tempo, todos foron facendo as súas casas, por aquí arredor desta. Agora, viúva desde hai moi pouco, estou criando os netos, gozando de todos, sen traballos, e sobre todo, non debo nada a ninguén. Contenta e orgullosa, de como os meus fillos axeitaron as súas vidas e os meus irmáns, que, mentres eu viva, seguirán vindo a esta casa. ■

Svetlana Alexiévich, Premio Nobel de Literatura 2015

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Svetlana Alexiévich, a escritora bielorrusa de 68 anos que o pasado 2015 recolleu o Premio Nobel de Literatura, comeza a súa primeira gran obra, *La guerra no tiene rostro de mujer* (Debate, 2015), explicándolles aos lectores que xa no século IV antes da nosa era había mulleres loitando nas guerras gregas.

Na primeira guerra mundial, fomos admitidas nas Reais Forzas Aéreas e creáronse entidades particulares como o Corpo Auxiliar Feminino ou a Sección Feminina. Na segunda guerra mundial, 225.000 mulleres inglesas, 400.000 estadounidenses, 500.000 alemás e case un millón de rusas participaron activamente no conflito bélico.

Durante dous anos, entre 1980 e 1982, Alexiévich entrevistou a centos destas mulleres rusas, soldados, enfermeiras, francotiradoras, zapadoras, partisanas, comandantes, tiradoras de metralladora, lavandeiras, condutoras de tanque, cociñeiras... Escoitounas e decidiu deixalas falar a elas. A autora limitábase a transcribir fragmentos das conversas e conclúe que mulleres e homes viviron a guerra de forma diferente, que non é o mesmo o que lembran eles que o que contan elas.

Os homes agóchanse detrás da Historia, detrás dos feitos; a guerra sedúceos coa súa acción, co enfrontamento das ideas, dos intereses... mentres que as mulleres están a expensas dos sentimentos. E outra cousa: aos homes desde que son nenos se lles di que talvez, de maiores, terán que disparar. Ninguén lles ensina isto ás mulleres... Elas non contaban con que terían que facer ese traballo... Os seus recordos son distintos, a súa forma de lembrar é distinta. Son capaces de ver aquilo que para os homes está oculto. Repito: a súa guerra ten olores, cores, ten un detallado universo existencial.

Svetlana sostén ademais que a sinceridade das entrevistadas enrarecíase se había xente allea presente durante as entrevistas, especialmente se eran homes.

La guerra no tiene rostro de mujer, reúne unha morea de testemuños de mulleres que cando a guerra rematou e regresaron a casa, tiñan a vida rota. A



moitas, acusáronas de terse deitado cos soldados, de ter ido á guerra para buscar un noivo, para enredarse con calquera. A maioría volveron severamente traumatizadas ou con secuelas e feridas incurables. Algunhas viven en pisos compartidos e pasan apuros económicos, moitas nunca casaron, e outras moitas reúnen ou manteñen contacto entre si para falar do que viviron.

Educadas para abrazar os ideais do romanticismo revolucionario, a maioría alistouse voluntariamente. Moitas con apenas 16 anos e moitas, moitísimas, mentindo sobre a súa idade. Algunhas deixaron atrás os fillos. A guerrilleira Raisa Grigórievna conta o reencontro co seu. O neno quedara coa sogra, pero a muller falecera e a nai tarda en descubrir que o pequeno vive cunha veciña que o acollera. Cando o atopa, el non a reconece. Ela lle pregunta:

Como é que non reconeces á túa nai? Abalanzouse sobre min. Papá! —Eu ía vestida de home, levaba un gorro. Logo abrazoume e gritou: Mamá!!! Como gritaba. Tivo un ataque de nervios... Durante o mes seguinte non se apartou de min, nin sequera me permitía que o deixase para ir ao traballo. Iamos xuntos. Non tiña suficiente con saber que estaba con el, tiña que collerme da man. Sentábanos a comer, el comía cunha man e coa outra agarrábame.

O libro está cheo de fame, de infanticidios, de violacións, de dor, de piollos e de ratas, de cranios que estalan ao ser pisados, de corpos desmembrados, de bombas e de morte. Tras o remate da contenda, unha muller relata que non soporta a cor vermella porque lle lembra o sangue e outra explica que endemais come carne de polo porque lle fai pensar na carne humana. Todas regresaron irreparabilmente cambiadas.

Os seus recordos son distintos, a súa forma de lembrar é distinta. Son capaces de ver aquilo que para os homes está oculto. Repito: a súa guerra ten olores, cores, ten un detallado universo existencial

María Ivánovna, conta como o coronel se burlaba delas, como as desprezaba até que as viu disparar e superar aos francotiradores



**SVETLANA
ALEXIÉVICH**



**LA GUERRA NO TIENE
ROSTRO DE MUJER**



O libro fala sobre mulleres de acción que estiveron na primeira liña da batalla, que dispararon e salvaron vidas, que tomaron decisións e pasaron fame e miserias. Cando regresaron, foron indecentemente silenciadas. A soldado Svetlana Vasilievna di:

Ás veces vexo películas bélicas: a enfermeira vai por alí, paseándose en primeira liña de foto, toda limpiña ela, tan recollidíña, cunha saia en vez do pantalón guateado, e co seu gorriño ben colocado enriba do tocado. Mentira! Acaso teríamos sido capaces de sacar a un ferido do combate vestidas así? Xa me dirá vostede se se pode arrastrar algo por terra vestida cunha faldriña.

Con frecuencia, son relatos dunha dureza conmovedora, a cabo Sofía Adámovna conta como ao final da guerra, os nenos alemáns achegábanse para pedirilles comida:

Alimentabámoslos, curabámoslos. Mesmo os acariciabamos... Acaricieí a un por primeira vez e... asusteime... Eu... Eu! Estaba acariciando a un neno alemán. A boca secouseme. Pasoume pronto, acostumeime. E eles tamén se acostumarón.

Klavdia S-va, francotiradora, explica que co fin da guerra tivo:

[...] que aprender a ser cariñosa. A ser débil e delicada, e iso que por ter levado botas tanto tempo acabei calzando un corenta. Estrañábame se me abrazaban. Acostumá-

rame a valerme eu soa. Desexaba ouvir palabras tenras, pero non as entendía. Parecíame infantís.

Tamara Ustínovna sinala:

Durante a guerra esquecín por completo a gramática. Todo o que aprendera na escola. Podía desmontar unha metralleta cos ollos vendados, pero nos exames de ingreso á universidade escribín unha redacción chea de erros infantís e case sen comas. Salváronme as miñas condecoracións militares, admitíronme na universidade. Comecei a estudar. Lía os libros e non comprendía nada, lía poesía e tampouco comprendía nada.

Dos esforzos físicos falan Nina Yákovlevna, auxiliar de compañía:

Traballamos desde as oito da mañá ata as oito da noite, doce horas diarias, cavabamos gabias antitanques.

Aleksandra Semiónovna describe como as mozas responsables das armas tiñan que suxeitar coas mans catro bombas, uns catrocentos quilos, e Sofía Mirónovna, integrante dunha organización clandestina, torturada durante semanas, explica:

Nos seguintes interrogatorios perdín a capacidade de sentir dor, o corpo entumecíase. Parecía que estaba feito de madeira. Tiña un único pensamento na cabeza. «Non! Non morrerei diante deles».

Durante anos, moitas non menstruaron.

Dentro do exército tamén viviron a discriminación. Unha das francotiradoras, María Ivánovna, conta como o coronel se burlaba delas, como as desprezaba até que as viu disparar e superar aos francotiradores. Ivánovna recorda como aquel coronel gritou sorprendido cando descubriu que tiña as francotiradoras camufladas, agochadas baixo os seus propios pés e que non era unha montaña o que pisaba, senón un fato de «fermosas bonequiñas» que eran quen de disparar con sorprendente precisión.

En *Los muchachos de zinc* (Debate, 2016), outra das obras de Alexiévich traducidas ao castelán, a autora recorre á mesma técnica para facer falar a moitos dos soldados rusos que participaron



Svetlana Alexiévich (primeira fila, centro). Foto: do arquivo de S. Alexiévich

na guerra de Afganistán. Xunto ás súas voces, escoitamos tamén as das súas nais e das súas viúvas. O título refírese aos ataúdes metálicos que regresaban á Unión Soviética cos cadáveres dos soldados falecidos. Caixas precintadas que suscitaban os receos de coñecidos e familiares, a dor de non poder ver o corpo do ser querido, e tamén a dúbida sobre o contido real dos féretros. Alexiéovich recorre de novo á técnica coral, para describir o sufrimento dunha guerra que se prolongou durante case dez anos, entre 1979 e 1989, e durante a cal, se calcula que uns 15.000 membros das forzas armadas da Unión Soviética perderon a vida. No ano 2000 inda non regresaran 287 persoas que seguían desaparecidas ou prisioneiras.

A diferenza da obra anterior, nesta non hai nomes reais. Ademais, a autora viaxou a Afganistán para coñecer de primeira man o conflito. Ao comezo do volume, Alexiéovich afirma:

Non logro quitarme de enriba a sensación de que a guerra é froito da natureza masculina, da que en moitos aspectos me sinto moi afastada. Aínda que é certo que o cotián da guerra é grandioso. Apollinaire vía a beleza nela. Nunha guerra todo é distinto: o teu ser, a túa natureza, os teus pensamentos. Aquí comprendín que o pensamento humano pode chegar a ser moi cruel.

Dos testemuños despréndese que moitos dos soldados foron obrigados ou enganados. Un deles, conta:

Invitáronnos ao despacho do comandante da unidade e preguntáronnos: Chicos, apeteceríavos estrear uns vehículos novos que temos? E, por suposto, todos dixemos a unha: Si! [...] Xa no avión subimos por casualidade que estabamos voando a Taskent.

Outros falan sobre a pésima calidade das próteses que lles facilitan ou sobre como regresaron a casa coa vida destrozada e sen recursos.

Por estar na guerra pagábanos sorprendentemente pouco; tan só un soldo dobre.

En 1992, un soldado e unha nai cuxo fillo morrera en Afganistán, aconsellados por mandos militares e políticos,

denunciaron a Svetlana Alexiéovich. Acusárona de terxiversar e falsificar os relatos. Foron moitos os que aproveitaron o balbordo para tachar á autora de axente da CIA e de difamadora da patria. No xuízo, Alexiéovich dixo:

Veño para falar coas nais. Para pedir o seu perdón polo feito da mesma pregunta que está no meu libro: «Quen somos? Por que nos deixamos facer de todo?». Devolverlle a unha nai un ataúde de zinc e a continuación convencela para que demande ao escritor que describiu como ela non puido sequera darlle ao seu fillo o último bico e como abrazaba, acariciaba, o ataúde de zinc... Quen somos?

Los muchachos de zinc foi un libro incómodo, moi incómodo. A súa autora soubo defendelo con paixón:

Que teño que reivindicar? O meu dereito de escritora a ver o mundo tal como o vexo. E a odiar a guerra. Ou é que teño que explicarlles que existe a verdade e a verosimilitude [...]. Os libros que escribo son un documento e á vez a miña visión dos tempos. Eu recompilo os detalles, os sentimentos, non dunha vida concreta, senón do aire do tempo na súa totalidade, do seu espazo, das súas voces. Non invento, non fantaseo, senón que constrúo os libros a partir da realidade mesma. ■

Por estar na guerra pagábanos sorprendentemente pouco; tan só un soldo dobre



SVETLANA
ALEXIÉVICH



LOS MUCHACHOS
DE ZINC



Svetlana Alexiéovich en Kabul, 1988. Foto: do arquivo de S. Alexiéovich

Maruja, nin solteira nin casada nin viúva

ANNA AMORÓS PONS¹

Un setembro do ano 1925, en plena ditadura de Miguel Primo de Rivera, naceu na aldea de Codeso (Boqueixón) Mari Carmen, máis coñecida como Maruja de Rosiña. Foi a primoxénita dun matrimonio, José e Josefina, que tivo cinco fillos máis. Á idade de 8 anos e por necesidades económicas da familia, foise vivir coa tía Dolores (de Rosiña), á aldea da Grela de Codeseda, na Estrada. Maruja pasou toda a vida na casa da súa tía:

Si, pobriña!, [...] era viúva, por dúas veces!... e, ademais, non tivo fillos [...]. Eu chamábaa agarimosamente *madriña* [...].

Foi unha cativa privilexiada porque foi a dous colexios. Primeiro, na aldea dos seus pais e despois, cando vivía coa tía, ata a idade de 14 anos:

Sei ler, sei escribir, contar, sumar e restar [...] e aprendín moitas máis cousas como coser a man e a máquina!

Cando rematou o colexio, Maruja traballaba na leira, pero, a súa tía Dolores mandouna aprender a coser e mercoulle na Estrada unha máquina con manivela:

Eu era aprendiz e cosía polas portas [...], levaba enriba da miña cabeciña a máquina de coser, unha Singer de manivela de ferro e con debuxos dourados! [...], e con ela aprendín coa modista Amadora de Bouzas, que tiña dedeiros de ouro! [...]. Eu cosía de todo! Ata enaguas, bragas, suxeitadores, calzóns!

Esta rapaza de corpo miúdo e tenra mirada, tivo moitos pretendentes, pero ela namorou dun rapaz, Francisco, da aldea de Fermil (Parada), que coñeceu de ir polas feiras:

Ah, o meu Pancho, que guapo era!, un bo mozo e de moi boa familia [...], diñeiro tiña e moito, pero, fóra [...] alá, por América, en Cuba [...].

Maruja casou no ano 1950 con Pancho, carpinteiro e zoqueiro de profesión, e tiveron unha soa filla, Mari Paz. Cando a meniña tiña só oito meses, o seu home, con 30 anos, emigrou a Cuba a buscar a súa fortuna, a do seu pai:

O meu sogro emigrou antes, e cando morreu déixolle a herdanza en Cuba e foi a recollela [...], era un emigrante potente! [...]. De feito, quería que a nena e eu marchásemos con el [...] pero eu non sabía que facer coa miña tía, que viviamos na súa casa e xa era moi maior.

O home de Maruja chegou a Cuba no ano 1952 e cos familiares que aínda vivían alí reinvestiu a herdanza do seu pai:

¹ Profesora titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo.

LEMBRANZAS dunha época



Pancho mercou un enorme camión e vendía xeo polas casas, hospitais, tabernas [...] por toda A Habana [...] e fixo moito diñeiro!, mercou terras e mandábanos a nós cartos [...]. Neses anos había moito e bo traballo alí!

Maruja estivo máis de dezaioito anos sen ver ao seu marido:

Carteabámonos de cando en vez e mandábame algunha foto.

E dicindo isto, sinala co dedo un retrato do álbum de fotos familiar.

Mira que home, co seu bigote e ese traxe branco! [...]. Era imposible que mirase a outro, non che parece? [...]. Pasei un tempo da miña vida que nin era solteira nin parecía casada nin tampouco era viúva!

A vida de Pancho comezou a ser moi dura en Cuba cando tivo lugar a Revolución:

Cando chegou Fidel, as terras do meu home e dos familiares pasaron ao Estado [...]. Eles traballaban, pero as terras xa non eran súas [...], algúns parentes marcharon a Estados Unidos e viven aínda alí [...], pero, Pancho quedou pensando en recuperalas [...]. Pasou moito tempo e non viña [...], quedou sen traballo, sen casa, sen cartos, só, con fame e enfermou [...] e nós aquí tamén soas, preocupadas e eu con moito que facer

[...]. Encargábame de coidar a miña madriña, que morreu aos 78 anos, a miña filla Pacita, as terras, os animais, a casa, traballaba do día até a noite [...].

O marido de Maruja regresou da Habana no ano 1970, con 48 anos. Daquela, a súa filla Pacita, a cativa, era xa unha moza de 19 anos:

Polo camiño xa o vimos andando [...], delgado e moi moreno, levaba dúas maletas [...], saímos correndo [...] e xa ben cerquiña vin un home envellecido e canso!

Neste intre da conversa intervén Mari Paz, a filla:

Aquel home era o meu pai, pero eu non o coñecía [...], sentín unha sensación moi estraña nese momento, non o sei explicar! [...] porque no máis fondo de min notei que o *sangue tira*.

Mari Paz era una muller a piques de casar cando regresou de Cuba o seu pai:

El sempre pensaba en nós [...], cando veu levaba só dúas mil pesetas que sacou e nos deu enseguida! [...] e ben gardadiñas nunha caixiña de pastillas de xabón, dúas medallas de ouro da Virxe da Caridade [...].

Un xesto espontáneo nace da man de Maruja e cos dedos saca do seu peito, colgado dunha cadea, un fermoso medallón de ouro macizo da Virxe.

Mira, aínda o levo posto, ben cerquiña do meu corazón!

A filla de Maruja e Pancho herdou da súa nai a vocación pola costura e converteuse nunha recoñecida costureira en Pontevedra e, ademais, foi tamén muller protagonista destas páxinas de *Andaina*, no número do verán do ano 2007:

Si, tiven máis de trinta anos un obradoiro de costura e tamén unha academia de corte e confección [...], aquí no popular barrio de San Antoniño [...]. Hoxe xa estou xubilada [...], pero de verdade gocei co traballo que fixen e sinto de cando en vez moita morriña [...].

Maruja e a súa filla Mari Paz sempre estiveron xuntas. Pancho finou no ano 1982. Maruja tiña entón 57 anos e agora acaba de cumprir 91. Está espléndida e desde estas páxinas mandámoslle unha agarimosa felicitación! ■

Libros



Mujeres cruzando el Atlántico: Relatos biográficos de migrantes brasileñas en los mercados del sexo

LÓPEZ RIOPEDRE, José: *Mujeres cruzando el Atlántico: Relatos biográficos de migrantes brasileñas en los mercados del sexo*, Albolote (Granada), Comares, 2015.

LAURA GÓMEZ LORENZO

Esta obra (de 418 páxinas) é o resultado dun extenso traballo de investigación etnográfica sobre a experiencia de 15 migrantes brasileiras que teñen traballado en España e en Galicia nos mercados do sexo. É extenso no tempo, o autor inicia o contacto coas protagonistas entre 2003 e 2006 e continúa o proceso ata rematar a obra en 2015. Extenso no espazo, pois lévao a cabo entre Galicia, máis especificamente a cidade de Lugo, e distintas cidades e poboacións de Brasil. E extenso na apertura do campo de visión, porque López Riopedre vai realizando esta investigación paralelamente a outros traballos sobre prostitución en Galicia e migrantes, incluída a súa tese de doutoramento.

O libro consta dunha introdución —que se estende ata a páxina 51—, na que se expón a metodoloxía, o procedemento e as conclusións, e a continuación, os 15 relatos biográficos das protagonistas identificados co nome de cada unha.

Comecei a lectura polo principio, mais cando xa levaba unhas poucas páxinas da introdución decidín invertir a orde, porque unha vez presentado aquilo que ía ler preferín deixar que elas me *fálasen* directamente. Así, cada *voz* me foi envolvendo no seu propio discurso, na súa historia de vida. Cómpre aclarar aquí que afortunadamente ningunha das protagonistas sufriu trata. Sandra, Fernanda, Leticia, Patricia Eliene, Erika, Vivian, Marcela, Cinthia, Silvia, Janaima, Bia, Bruna, Vanesa, Mónica e Camila expresan as súas motivacións, soños, desexos, experiencias e reflexións, esperando a empatía e unha comprensión espontánea, natural no ser humano, se nos permitimos acoller o que contan sen prexuízos —concordemos ou non con determinados actos ou decisións—, o cal só pode contribuír a anchar a propia perspectiva.

Obviamente comparten características, como o país de procedencia, a súa condición de migrantes, o traballo que realizan ou realizaron e que todas son

mulleres (entre elas unha trans), pois estes son requisitos do ámbito da investigación. Algunhas, como outras persoas migrantes, formaron parte de cadeas migratorias, por parentesco, lazos amorosos, amizade ou veciñanza, facilitáronse información e cartos. Tamén como migrantes, sufriron a «violencia institucional» por parte desta Europa cada vez máis blindada, envellecida e egoísta nas súas políticas gobernamentais e comunitarias. Ao que hai que sumar abusos nas condicións laborais, posibilitados polo baleiro legal existente no Estado español ao respecto do traballo nas industrias do sexo. As súas biografías entrecrúzanse e a investigación mostra a súa dimensión completa no conxunto.

Rematadas as historias, retomei a introdución onde a deixara. Como o autor, recoñézolles a todas o valor, a coraxe, a tenacidade nos propósitos e os recursos internos que foron e son quen de mobilizar. Non transitaron por camiños de rosas nin é unha ocupación

doado e menos como migrantes. Pero exercen o seu libre albedrío, capacidade de axencia e *resiliencia* nas situacións que lles presenta vida. Sorprende-me de ter desenvolvido as mesmas especiais filias ca el cara a algunhas das protagonistas. Recoñezo e celebro as súas respectivas coloracións únicas, a particular esencia de cada unha. Por iso, a redución a unha categoría —calquera categoría— que pretenda uniformizalas, victimizalas —cando elas non o fan, sexan cales sexan a as súas condicións!— para desposuílas do seu poder resulta ridícula ante a evidencia dos feitos e fortemente empobrecedora para quen pretenda aplicarlle.

De aí que pense nas protagonistas deste libro como migrantes, mulleres aventureiras ou cidadás que percorren o mundo, desafían as súas estruturas e reclaman os seus dereitos, pero non poida limitarme a encaixalas na categoría de prostitutas ou traballadoras sexuais porque xa non as define.

Algunhas emigraron por cuestións económicas e outras por afastarse dunha vida que non lles satisfacía. Unhas proceden da miseria —con desestruturación familiar ou sen ela—, apenas foron á escola, outras recibiron educación superior, pero todas falan na actualidade, canto menos, outra lingua. Como calquera outras persoas que poidan desempeñar os máis variopintos traballos, manteñen lazos familiares, relacións de parella, miran polo benestar propio e o dos seus, emprenden negocios, poden ser máis ou menos materialistas, consumistas, altruístas e profesar crenzas relixiosas (catolicismo, budismo...).

A medida que afondamos no itinerario biográfico das persoas imos percibir que a identidade é un fenómeno un tanto esquivo e poliédrico onde diferentes contextos sociais e fenómenos psicolóxicos dan forma a un proceso en constante negociación.

Importa ter presente todo isto para ver máis alá da «foto fixa da realidade», tomada por un construto ideolóxico que mantén «o estigma como versión deteriorada da identidade»:

Efectivamente, o paso pola prostitución segue a ser un sinal indeleble para as persoas similar á institucionalización psicolóxica, ao presidio ou ao padecemento de enfermidades graves [...] Sería cruel e inxusto continuar co xogo taxonómico das *identidades fortaleza* que encarceran de por vida os individuos e petrifican permanentemente as súas biografías. Ningunha ocupación ou actividade económica debería abducir a identidade social.

Certamente, absurdo e inxusto resulta pretender reducir o complexo entramado que conforma a identidade, sempre suxeito a cambio, ao desempeño máis ou menos prolongado dunha profesión e criminalizar ademais esa profesión. Isto acontece con excesiva frecuencia en sociedades reduccionistas, nas que se pretende impor o *pensamento único* —se é que se lle pode chamar *pensamento* á doutrina—, nas que imperan os egos sobredimensionados que se arrojan o dereito a dicir e decidir polos demais cousificando ás persoas. E como imperan, por imitación acaban proliferando, porque socialmente se aplauden estes comportamentos.

López Riopedre non oculta a súa relación cordial ou de aberta amizade coas entrevistadas e mesmo coas súas familias nin a súa axuda como avogado no proceso extraordinario de regularización de inmigrantes do ano 2005 a máis da metade das mulleres. Elas, á súa vez, responderon con colaboración ás entrevistas, sen condicionales a ningunha clase de apoio no proceso de regularización. As que mantiveron con el a amizade ao longo do tempo, mostráronse especialmente interesadas na investigación, leron outras publicacións do autor e os borradores dos seus propios relatorios para este libro. E neste sentido o autor comenta:

Esta actitude empática para coas miñas investigacións pode dicir que é xeneralizable no sector dos mercados do sexo aos colectivos de migrantes. De feito, non só das migrantes, senón tamén de clientes, intermediarios, *mamis* e donos de clubs mostráronse polo común abertos e favorables as miñas pesquisas, sen pretender interferir xamais nos resultados. Non poder afirmar o mesmo, polo contrario, da *industria do rescate* desde onde algunha

asociación abolicionista, políticos, policías e algún que outro xuíz trataron por diferentes medios de obstaculizar o meu traballo cando non me mostraron unha aberta hostilidade. Esta circunstancia, lonxe de desalentarme, tenme servido máis ben de acicate para reflexionar e concentrar con renovado interese a miña mirada sociolóxica «cara arriba» nas organizacións e institucións de control social e nos seus *empresarios morais* tradicionalmente impermeables á investigación social e que, sen embargo, participan de xeito privilexiado na xénese dos discursos e na construción social da realidade.

Non aforra críticas ao *status quo* nin ao estreito e confuso enfoque benfeitor-redentor:

[...] confusión entre prostitución e trata, todo iso sempre a costa de rexeitar a capacidade de axencia das migrantes e ignorar os seus particulares contextos, ás cales se insiste obstinadamente en rotular coa categoría de *vítimas*, proclamando unilateralmente un suposto dereito de intervención. Paradoxalmente esta situación só ten dous beneficiarios que son o crime organizado e a *industria da salvación*. De aí que resulte preciso revisar certas categorías de análise e proceder previamente a unha sana delimitación conceptual entre a trata e o traballo sexual que permita a súa vez combater selectiva e eficazmente a trata de seres humanos, sen deixar por iso de auspiciar o empoderamento das traballadoras do sexo, ás que debemos deixar de observar baixo o prisma da opresión e facilitar, polo contrario, o acceso ao marco legal socio-laboral desde onde poder responder mellor fronte aos casos de abuso e *explotación laboral ou económica*.

Mujeres cruzando el Atlántico é, en definitiva, unha investigación rigorosa, fonda e ampla, cunha esclarecida visión social e política sobre o seu obxecto de estudo. Comprende moitos datos interesantes sobre o panorama dos mercados do sexo en Galicia, España e outros países da UE, así como de Brasil, sendo un sector tamén afectado pola crise económica. Aporta curiosas experiencias sobre prácticas, preferencias, hábitos e mentalidades da clientela galega. Por todo isto resulta un libro de moi recomendable lectura, especialmente grato polo achegamento cálido do autor ás entrevistadas e a sinceridade delas nestas páxinas. ■



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro
Praza de Cervantes, 6

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Lila de Lilith. Rúa Travesa, 7

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21
(galerías)

Carmen de Burgos Seguí foi unha xornalista, escritora, tradutora, pedagoga e activista dos dereitos das mulleres no Estado español. Aínda que desde hai xa uns anos se ten reivindicado a súa figura desde os círculos académicos, segue a ser un personaxe bastante descoñecido, permanecendo especialmente oculta a súa faceta de pioneira do feminismo e das loitas sociais.

Naceu en Rodalquilar (unha localidade do concello de Níjar, Almería) o 10 de decembro de 1867, onde o seu pai, vicecónsul de Portugal en Almería, posuía terras, minas e un *cortijo*. Casou aos 16 anos, malia a oposición paterna, cun xornalista doce anos maior ca ela, fillo do gobernador civil almeriense. O seu sogro era tamén propietario dunha tipografía na que se imprimía o principal diario da capital, polo que Carmen puido familiarizarse co ámbito da prensa desde nova. Tivo catro fillos, dos que faleceron tres. Tras a terceira desas mortes, farta dos malos tratos do seu marido, abandonou o fogar coa súa única pequena sobrevivinte.

Carmen de Burgos

Chegou a Madrid en 1901, aos 33 anos, co título de mestra que sacara estudando polas noites ás agachadas do seu cónxuxe e unha praza nun colexio de Guadalajara. Pero o que de verdade ansiaba era escribir. Tras varias colaboracións en distintos xornais, e con diversosseudónimos, en 1903 Augusto Vázquez Figueroa decidiu confiar nela e Carmen pasou á nómina do *Diario Universal*, converténdose na primeira xornalista española recoñecida como tal. Foi o propio Vázquez Figueroa quen lle suxeriu oseudónimo polo que sería máis coñecida, *Colombine*. Comezou cunha columna de temas *femininos*, «Lecturas para la mujer», pasando de tratar temas domésticos, de hixiene e decoración a facer unha sondaxe de opinión sobre o divorcio. Un ano despois saía do prelo o seu libro *El divorcio en España*, destinado a crear conciencia sobre a necesidade dunha lei ao respecto. En 1906 *El Heraldo de Madrid* enviouna a Melilla para cubrir a guerra de Marrocos, sendo de novo pioneira, a primeira corresponsal de guerra española.

En 1907 foi trasladada á Normal de Toledo, pero seguía volvendo a súa casa de Madrid nas fins de semana para animar no seu salón A tertulia modernista, unha xuntanza semanal de escritores, xornalistas, músicos, artistas plásticos e artistas estranxeiros de paso que se mantivo varios anos e estivo na orixe da *Revista Crítica*. Alí coñeceu a Ramón Gómez de la Serna, daquela un descoñecido estudante, co que mantivo unha relación amorosa e literaria durante vinte anos.



Para saber máis:

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/mujeres-en-la-historia/mujeres-historia-carmen-burgos-colombine/841220/>

<http://www.mujeresenlahistoria.com/2014/12/una-escritora-llamada-colombine-carmen.html>

<http://www.yorokobu.es/carmen-de-burgos/>

<http://www.somosmalasana.com/la-construccion-del-feminismo-en-carmen-de-burgos-colombine/>

http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/opencms/lecturas-pendientes/002-punal_claveles.html

En 1908 fundou a Alianza Hispano-israelí en defensa da comunidade sefardí internacional. Obtivo en 1909 praza na Escola Normal Central de Mestras de Madrid e en 1911 na Escola de Artes e Oficios de Madrid, traballo que compatibilizou con clases a persoas cegas e xordomudas.

Desde as súas columnas e reportaxes abordou temas de especial interese social, como o sufraxio feminino, a defensa das mulleres traballadoras e da infancia e a loita contra a pena de morte. Implicada na causa republicana, traballou en 1920 na creación da Cruzada das Mulleres Españolas. Presidiu a Liga Internacional de Mulleres Ibéricas e Hispanoamericanas. Foi activa participante de diversas asociacións como a da Prensa ou o Ateneo.

Coa chegada da segunda República acadariáse en España o sufraxio feminino e a primeira lei de Divorcio, podendo ver *Colombine* ao final da súa vida o triunfo dalgunhas das súas loitas.

Morreu na súa casa de Madrid na madrugada do 9 de outubro de 1932, dun ataque ao corazón. A tarde anterior participara nunha mesa redonda sobre educación sexual no Círculo Radical Socialista.

Carmen de Burgos realizou ao longo de case catro décadas un inxente labor de polígrafa, con milleiros de artigos publicados en revistas e xornais españois e estranxeiros, estudos literarios, traducións, libros de entrevistas, semblanzas de escritores, prólogos, manuais de divulgación, ensaios, novelas curtas (máis dun cento), longas e ensaios. O seu nome formou parte da primeira lista de autores prohibidos en 1939. ■